



Julio I. González
Montañés

O obxectivo deste traballo é a reconstrucción da historia do desaparecido cenobio medieval de San Salvador de Budiño, a partir da documentación existente sobre a súa edificación e os seus fundadores, así como a súa evolución dentro do contexto xurisdiccional da denominada “Terra de Toroño” onde se atopaba o devandito mosteiro.

O Mosteiro de San Salvador de Budiño
e a “Terra de Toroño”

O Mosteiro
de San Salvador de Budiño
e a “Terra de Toroño”



Julio I. González Montañés









ALCALDÍA



Colección
“Vigo na Memoria”







O MOSTEIRO DE
SAN SALVADOR DE BUDIÑO
E A TERRA DE TOROÑO

COLECCIÓN:
"Vigo na Memoria"

EDITA:
INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES
Rúa Elduayen, 36, 3º planta. 36202 VIGO
e-mail: info@ievigueses.com
web: www.ievigueses.com

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:
Alberte González Montañés

IMPRIME:
OBRADOIRO GRÁFICO, S.L.
Polígono Industrial do Rebullón, 52D - MOS




I.S.B.N.: 978-84-89599-47-5
Dep. Legal: VG 736-2011

Foto portada: Mapa del obispado de Tui por D. Rosendo Amodeo (1766), grabado de López (Lopez sculp.) reproducido, fuera de texto, en la 1ª ed. de E. Flórez, España Sagrada, vol. XXIII, Madrid, imp. de Antonio Marín, 1767.

Julio I. González Montañés

O MOSTEIRO DE
SAN SALVADOR DE BUDIÑO
E A TERRA DE TOROÑO





S
A
A
A
A
A
A
B
B
C
C

Siglas:

ACS: Arquivo da Catedral de Santiago.

ACT: Arquivo Capitular de Tui.

AHN: Arquivo Histórico Nacional (Madrid).

AHPO: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.




ARG: Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)

BN: Biblioteca Nacional (Madrid)




BNP: Biblioteca Nacional de Francia (París)

CCSL: *Corpus Christianorum Series Latina* (Brepols, Turnhout)

CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*.



Ao meu pai: para que siga falando muitos anos.



v
Y
a
c

te
tr
o
d
d
D
ll
e
g
p
p
e
u
ta

—

tú
co

PRÓLOGO

Constituye un enorme placer prologar un trabajo de investigación del profesor-doctor Julio I. González Montañés. Y ello por dos razones: la amistad que nos une desde hace años y la oportunidad de leer en primicia una labor minuciosa, iluminadora y *–rara avis–* amena.

Quisiera, en primer lugar, trazar una breve semblanza intelectual del autor de las páginas que siguen. Frente al apoltronamiento de muchos, González Montañés no deja escapar oportunidad alguna de seguir creciendo como historiador del arte. Aprovechando sus estancias veraniegas en Cambados, comenzó a trabajar sobre la bella ruina de Santa Mariña Dozo; allí, una poco frecuente escena de la Anunciación lo llevó a realizar la primera monografía en español dedicada a ese tipo iconográfico (“*Parvulus Puer in Annuntiatione virginis*. Un estudio sobre la iconografía de la Encarnación”, *Espacio, Tiempo y Forma, Serie VII, Historia del arte*, 9 (1996), pp. 11-52). Su trabajo de tesis doctoral sobre la relaciones entre el teatro religioso y el arte de la Edad Media constituye un precioso *vademecum* para quien desee zambullirse en tan fascinante universo ideológico (*Drama e iconografía en*

¹ Recuerdo la enorme satisfacción que sentí cuando Manuel Rivas, en un artículo del *El País* dedicado al Pórtico de la Gloria, citaba a González Montañés como el mayor experto en el tema del teatro y la imagen del medioevo gallego.




el arte medieval peninsular (Siglos XI-XV), Madrid, 2002)¹. Sé perfectamente del esfuerzo personal que supone la culminación de un proyecto de tal envergadura cuando no se está instalado en una cómoda torre de marfil. Lejos de dormirse en los laureles del doctorado *cum laude*, ha proseguido sus trabajos de investigación y sus publicaciones forman ya una extensa lista que da idea de su capacidad de trabajo. Algunos ejemplos bastarán: “La vidriera de Santiago Peregrino procedente del Hospital Real de Santiago. ¿Sixto de Frisia o Diego de Santillana?”, *Anuario Brigantino*, 28 (2005), pp. 351-362; “El teatro de los Jesuitas en Galicia en los siglos XVI y XVII”, *TeatrEsco. Revista del Antiguo Teatro Escolar Hispánico*, Universidad de Valencia, 2 (2007). “Fiestas en Santiago de Compostela por la consagración del templo de la Compañía de Jesús y el segundo aniversario de la canonización de San Francisco de Borja (17-24 de abril de 1673)”, *Anuario del Instituto Ignacio de Loyola*, Universidad de Deusto, San Sebastián, 15 (2008), pp. 123-136. “El tímpano de San Justo de Segovia y la ‘Visitatio Sepulchri’”, *Románico*, 9 (2009), pp. 10-18.

Y la lista sigue medrando; el libro que está en manos del lector es testigo activo de que no hay hipérbole en mis palabras. La primera virtud de este volumen que deseo destacar radica en no ser el producto de un erudito local, con las carencias de método que ello conllevaría; el profesor González Montañés demuestra su amplitud de miras a la hora de abordar un estudio monográfico que otras manos no tan expertas serían incapaces de llevar a buen puerto. Dedicado a la historia del antiguo monasterio de San Salvador de Budiño, dependiente de la orden de Cluny desde su donación, el cenobio pasó por aciagos avatares que el autor describe con detalle, apoyándose en la documentación conservada. Admira la capacidad de resistencia de una comunidad asediada por poderes ante los cuales poco podía hacer.

Analiza luego los restos que todavía pueden ser contemplados: un molino y el templo, edificio de culto que conserva su cabecera medieval. Traza el autor una precisa filiación de los capiteles del arco triunfal, demostrando que el taller que allí trabajó tiene vinculaciones con el que esculpió algunos de los que se pueden contemplar en la catedral de Tui. Describe las reformas que se llevaron a lo largo de los siglos y pone a disposición del lector una relación de las piezas artísticas conservadas (pila bautismal, peto de ánimas, etc.), con un útil repertorio gráfico.

Dedica, por último, un capítulo a la *Terra de Toroño*. Topónimo que se remonta –según la documentación conservada– a mediados del s. V, desgrana todos los problemas planteados por diferentes historiadores, perfilando así una detallada delimitación geográfica e histórica. Un nutrido apéndice documental y otro relativo al Camino Portugués a Santiago cierran el trabajo de investigación, respaldado por un aparato bibliográfico que da la medida de lo riguroso y útil de esta atenta labor. Sirvan estas palabras de bienvenida a una monografía que muchos agradecemos.

Carlos Sastre Vázquez, verano de 2011



n
ta
p
re
á
p

o
S
c
o
c
g
a
s
a
d

d
n
d
n

INTRODUCCIÓN

Non carece O Porriño de patrimonio histórico-monumental, pola contra é abundante e a súa cronoloxía remóntase ata o Paleolítico, algo do que poucos municipios galegos poden presumir. Con todo, a Idade Media está escasamente representada nel e tan só a pequena ponte de Orbenlle e a ábsida da igrexa de San Salvador de Budiño pertencen a este período.

É coñecido, desde que Martin Marrier publicou en 1614 o *Catálogo de priorados e abadías cluniacenses*, que en San Salvador de Budiño existiu un mosteiro da orde de Cluni, do cal se conserva tan só a igrexa, hoxe parroquial. En España, o pai beneditino Yepes (século XVII) e o agostiño Flórez (século XVIII) coñeceron as noticias de Marrier e achegaron algunhas novas e, desde entón, son numerosas as referencias ao cenobio nos traballos sobre o monacato cluniacense e sobre o románico galego, aínda que a maioría son breves anotacións que se limitan a repetir os datos de Flórez, as máis das veces con erros ou interpretacións sen base documental.

Aínda que a documentación orixinal do cenobio perdeuse, desde mediados do século XIX a edición dos documentos dos arquivos da casa matriz de Cluni puxo ao alcance dos estudosos numerosos datos relativos a Budiño, pero na maior parte da historiografía española foron ignorados e, ata

agora, só se lle dedicou ao mosteiro un modesto artigo de seis páxinas (PENADÉS CALATAYUD (1994)), e á súa igrexa unha breve ficha nun estudo sobre o románico na provincia de Pontevedra (BANGO TORVISO (1979), p. 220).

O obxectivo deste traballo é cubrir esa carencia e reconstruír a historia do cenobio recompilando toda a documentación existente sobre el e sobre os seus fundadores, á vez que se analiza a súa evolución no contexto da *terra* de Toroño, a xurisdición de orixe medieval na que se atopa. Naturalmente, estúdase tamén a súa igrexa tanto a parte medieval conservada (a ábsida) coma os engadidos, reconstrucións e restauracións ata os nosos días.


BUDIÑO

Budiño é a parroquia máis meridional do municipio do Porriño e unha das máis extensas do concello. É zona de antiquísimo poboamento probado polos vestixios paleolíticos atopados desde os anos 60 na zona lacustre das Gándaras (bifaces, raadeiras, picos asturienses...), datados por carbono 14 entre o 26.000 e o 18.000 a.c, e polas numerosas mámoas neolíticas que se atopan ao redor da masa granítica coñecida como Faro de Budiño, onde apareceron tamén restos castrexos e cerámica romana¹.

O mosteiro de San Salvador² atopábase no lugar que aínda se denomina *Mosteiro*, unha agrupación de media ducia de casas dispostas en torno ao templo, agora parroquial, situado nun outeiro a nove quilómetros da capital municipal (coordenadas: +42° 6' 12.92", -8° 35' 57.26"). A pesar de atoparse a apenas un quilómetro do polígono industrial da Granxa, trátase dunha zona aínda rural situada no límite entre a chaira

¹ Os materiais atopados nas escavacións dos anos 60 e nas que se fixeron con motivo da construción da autovía Vigo-Tui consérvanse nos museos Quiñones de León (Vigo) e Provincial de Pontevedra; destacan sobre todo, pola súa importancia, as industrias achelenses e os achados de cerámica campaniforme.

² A dedicación ao Salvador a comparte, na diócese de Tui, con outros tres mosteiros fundados nos séculos X-XI (Albeos, Barrantes e Coruxo), quizá en relación coa reconstrución da vida relixiosa na zona despois das invasións árabes e normandas (véxase o traballo de Díaz y Díaz e Vilariño Pintos en GARCÍA ORO (2002), p. 547).



Situación do antigo mosteiro de San Salvador de Budiño (Google Maps)

do val do río Louro e o somonte das elevacións que culminan nos 398 metros de altura do Faro de Budiño.

Desde a Idade Media a parroquia de San Salvador de Budiño pertence á diocese de Tui, arciprestádego de Entenza, e ata a definitiva abolición dos señoríos en 1837 formou parte, xunto coa limítrofe de San Estevo de Budiño hoxe dependente do concello de Salceda de Caselas, dunha xurisdición con estatuto de couto veciñal, un dos escasos exemplos galegos desa forma de organización na que os fregueses tiñan facultades para elixiren en asemblea determinados cargos públicos coma os alcaldes ordinarios ou de veciños. O couto de Budiño, herdanza do couto do mosteiro de San Salvador, conseguiu manter a súa independencia no século XVI fronte ás pretensións de D. Lorenzo Correa Alemparte, que comprara a freguesía de Salceda de Caselas a Filipe II, e no XVIII os veciños iniciaron un preito co cabido de Tui para subtraerse do seu señorío xurisdiccional e aínda do territorial ou patrucial. Isto último non o conseguiron, pero en 1794 ditaminouse ao seu favor no primeiro³ e os xuíces de San Salvador de Budiño seguiron existindo, independentes dos

³ O preito, no que actuou como fiscal Campomanes, foi estudado por Salvador de MOXÓ (1963), pp. 224 e 246-47 e (1965), pp. 26 e 66. En 1753 Campomanes emitiu un primeiro informe favorable e os veciños quixeron ampliar a demanda de reversión –iniciada no tocante á xurisdición– ao territorial ou patrucial, ao cal se negou o fiscal (20 de abril de 1776), cualificando de inoportuna a pretendida ampliación, e estimado pola contra procedente seguir con celeridade o preito *en lo principal*, é dicir, na reversión da xurisdición (AHN, Consejos, leg. 31.446: *Memorial ajustado, hecho con citación de partes, en virtud del Auto del Consejo de 26 de junio de 1780 del pleito que en él siguen los señores fiscales y los vecinos de las feligresías de San Salvador y San Esteban de que se compone el coto de Budiño, en el Reyno de Galicia, con el venerable Dean y cabildo de Tuy: Sobre que se incorpore a la corona, la jurisdicción, señorío y vasallaje y demás derechos jurisdiccionales del referido Coto de Budiño*. Madrid, 1794, nº 117).

de Tui, ata mediados do século XIX, e con eles notarios e escribíans públicos dos que temos abundante documentación⁴.

Polo que respecta á orixe do topónimo, parece claro que é prelatino e que deriva da base protocéltica *BOD- *BUD- que significa gabia ou terreo encharcado⁵. O resto dos “Budiños” galegos terían a mesma orixe⁶ que aquí fai referencia á zona pantanosa das Gándaras. Hai que destacar que a forma actual (*Budiño*) non aparece ata o século XVII. Na documentación medieval atopamos distintas variantes: *Badino*, *Bodino*, *Bodinum*, *Bodinio*, *Botinio*, *Bodeno*, *Bondino*, *Bordino*, *Lodino*..., con preferencia ata finais do XVI polas formas en /O/: *Bodino*, *Bodinno*, *Bodiño*...

Fundación do mosteiro

A data exacta da fundación do cenobio é descoñecida. Na súa orixe foi un mosteiro familiar vinculado á casa de Celanova, segundo afirma o conde Gómez Núñez de Toroño no momento da doazón a Cluni (1126): *Hoc autem monasterium nos habuimus de genere et genere nostro ab ipso sui exordio, in tantum omni alio herede remoto*. A falta dunha

⁴ A catedral de Tui conserva numerosos documentos relativos a estes, e na documentación procedente da Real Audiencia de Galicia atópanse tamén moitas referencias nos séculos XVI-XVIII, e unha decena de expedientes de preitos entre a catedral de Tui e os veciños de Budiño sobre reivindicacións de bens e de dereitos de vasalaxe e servizos no couto (vasalaxe de palla e leña, por exemplo, en 1698, ARG, C-0023463-0023). En 1745 o *Nomenclátor ó Diccionario de las ciudades, villas, lugares...*, na p. 118 define a Budiño como *Felgresía de su vecinos con Alcalde Ordinario*, e aínda en 1827 Sebastián Miñano refírese a Budiño coma un couto ou xurisdición con xustiza *in solidum* (MIÑANO (1827), p. 175).

⁵ Véxase SACAU RODRÍGUEZ (1996), nº 44, pp. 67-68.

⁶ O topónimo aparece, ademais de no próximo San Estevo, na parroquia de San Pedro de Matamá (Vigo, Pontevedra) e en Santa María de Budiño (O Pino, A Coruña). Topónimos derivados da mesma raíz son os abundantes Boedo e Boedes, e quizá tamén outros coma Bueu.

data concreta, a referencia á súa posesión desde as orixes e *de xeración en xeración*, supón remontarse polo menos aos tempos dos seus avós e, xa que logo, a finais do século X ou comezos do XI.

É moi frecuente na bibliografía sobre o mosteiro a afirmación de que o cenobio existía polo menos desde 1092, cando o visitaría Dalmacio de Cluni. Sen dúbida xa existía nesa data, e probablemente bastante antes, pero a tal visita de Dalmacio é unha suposición sen fundamento documental. O monxe Dalmacio desempeñou un importante papel na historia de Galicia, xa que en 1094 foi nomeado bispo de Compostela e, aínda que faleceu ao ano seguinte, conseguiu que o Concilio de Clermont-Ferrand de 1095 concedese a Santiago a sucesión en todos os seus dereitos á antiga sede de Iria sendo directamente sufragánea de Roma, co que se libraba de depender da restaurada diocese portuguesa de Braga e quedaba o camiño aberto para conseguir a sede arcebispal⁷. A *Historia Compostelá* nada di, con todo, de que viñese a España como visitador dos priorados da orde⁸. Foi o Pai Yepes quen o supuxo⁹ e o Pai Flórez na súa *España Sagrada* o que, facéndose eco de Yepes, afirmou que: *según Yepes vino a visitar los monasterios sugetos al de Cluni en España: y estos eran en Galicia...*¹⁰. Citaba Flórez a continuación a nómina de priorados cluniacenses en Galicia e entre eles Budiño, pero sen asegurar de ningún xeito que Dalma-

⁷ O 5 de decembro de 1095 o papa Urbano rubricou a Bula que confirma os dereitos de Compostela. Véxase FLÓREZ (1747-1879), vol. XXII, p. 22 e a *Historia Compostelá*, Libro I, caps. III-V.

⁸ A *Historia Compostelá*, Libro I, cap. V., di simplemente que era *monachos Cluniacensis religionis* polo que podería ser monxe de calquera dos priorados hispanos, sen necesidade de realizar ningunha función como delegado do abade Hugo de Cluni.

⁹ YEPES (1609-21), vol. 6, cap. CCV, fol. 435.

¹⁰ FLÓREZ (1747-1879), vol. XIX, p. 209.

cio o visitara. Con todo, Álvarez Limeses en 1930 deuno por feito: *(la) fundación no consta; pero sí que ya existía en 1092 cuando lo visitó Dalmacio o Dalmachio...*¹¹, e a súa afirmación repítese en numerosas publicacións posteriores, a pesar de que é coñecido desde 1876 que a incorporación de Budiño a Cluni non se produciu ata 1126¹².

Desta primeira etapa do convento nada máis sabemos, aínda que pode suporse¹³ que polo seu carácter de mosteiro familiar tería trazos herdados dos mosteiros da época suevo-visigoda, nos que a comunidade estaba formada polos membros da familia fundadora incluíndo mulleres, nenos e servos. Este tipo de mosteiros foron entón moi frecuentes xa que permitían subtraerse da xurisdición diocesana, tiñan grandes vantaxes fiscais e, en palabras de Sánchez Albornoz, facían posible aos nobres *gozar en el mundo de las gracias de la vida religiosa*¹⁴.

En Galicia, esta peculiaridade dos mosteiros familiares é unha das manifestacións dunha estrutura monacal diferenciada da do resto de Europa que chegará a constituír un sis-

¹¹ ÁLVAREZ LIMESSES (1930), pp. 846-847. DAVID (1947), p. 362, confunde este Dalmacio con Dalmacio Geret, camareiro e legado de Hugo de Cluni en Hispania cara a 1105, erro que manteñen outros autores como SÁ BRAVO (1972), vol. I, pp. 83 e 250 e vol. II, pp. 180-81, 233, 263, 339 e 376. Existe tamén outro Dalmacio, este si con seguridade visitador cluniacense en España, pero en 1245-46.

¹² Véxase o capítulo seguinte e o noso Apéndice documental I (doc. nº 1).

¹³ Así o fai PENADÉS CALATAYUD (1994), pp. 171-72, autora do único traballo que ata a data se dedicou ao mosteiro, a cal pensa tamén nunha posible submisión do cenobio á regra de San Frutuoso de Braga (a denominada *Regula comunis*).

¹⁴ SÁNCHEZ ALBORNOZ (1957), vol. I, p. 322. Sobre os mosteiros familiares en España e a súa probable orixe galega véxase ORLANDIS ROVIRA (1954) e (1956), e LINAJE CONDE (1973), pp. 238 ss. Son orixinais nos mosteiros suevo-visigodos os abades-bispos (*episcopus sub regula*) e a posibilidade de apelar ante a federación contra o abade dun cenobio.

tema federativo entre os diversos centros monásticos galegos e alcanzará con San Frutuoso unha perfecta ordenación institucional coa *Regula comunis* nunha área xeográfica ben definida: a rexión entre os vales do Miño e do Limia e a denominada “tebaida berciana”.

A incorporación a Cluni

Desde a súa fundación a comezos do século X, a orde de Cluni vincúlase ao papado e á realeza. A súa expansión, en alianza coas nacentes dinastías europeas, contribuíu a lexitimar o poder dos novos monarcas e converteu os monxes cluniacenses en vehículo de difusión da reforma gregoriana e as súas prácticas litúrxicas, e en impulsores das peregrinacións xacobeas e difusores da arte románica. Coa súa impresionante rede de cenobios (uns 2000 a mediados do século XII con aproximadamente 10.000 monxes), os abades de Cluni tiveron un inmenso poder como gobernantes case absolutos dun auténtico imperio monástico de cuxas filas saíron numerosos papas e legados pontificios nos séculos XI e XII.

As dependencias da orde, estendidas por media Europa, organizábanse en camarerías territoriais dirixidas por un *camerarius* ou *camareiro* nomeado polo abade de Cluni. Os cenobios, uns de nova fundación e outros afiliados, eran na súa maioría priorados, con autonomía pero dependentes da casa central que nomeaba os priores, aínda que algúns mosteiros que se incorporaron á orde cando xa tiñan décadas ou séculos de existencia mantiveron o seu rango de abadía e certos privilexios, recoñecendo a autoridade do abade de Cluni.

Controlar semellante número de mosteiros non foi tarefa fácil. Anualmente reuníase un *Capitulum generale* ao que debían de asistir todos os priores ou os seus delegados, aínda que na práctica isto era imposible polo que se admitía unha escusa por escrito de quen non podían acudir. O *Capítulo* elixía o abade vitalicio e controlaba as *camarerías* por medio de visitantes que debían de remitir un informe anual a Cluni sobre o estado dos priorados en cada provincia. Aínda que moita documentación se perdeu, as actas conservadas dos *capitula* e as *visitationes* son unha fonte insubstituíble para coñecer a vida dos centros e, no caso de Budiño, practicamente a única dispoñible para os séculos XII-XIV¹⁵.



Vista aérea do recinto do mosteiro (foto SIGPAC)

¹⁵ Véxase toda a documentación dispoñible sobre Budiño no noso Apéndice documental I.

A rixidez desta estrutura organizativa e a centralización da Orde foron nas orixes as razóns do seu éxito, pero o aumento constante do número de priorados e de monxes, moitos deles atraídos non por unha vocación monacal senón polo prestixio da congregación e pola seguridade e os privilexios obtidos ao pertencer a ela, levaron a unha relaxación dos costumes que á súa vez conduciu á decadencia.

Na Península, a penetración de Cluni comeza con Sancho III o Maior de Navarra a principios do século XI e continúa con Fernando I e Afonso VI. Fernando instituíu o pago dun censo ou esmola anual á abadía cluniacense, e Afonso puxo en 1080 o mosteiro de San Bieito de Sahagún baixo a autoridade de Cluni e fixo que viñesen a el un grupo de monxes franceses. Sahagún, San Zoilo de Carrión de los Condes, S. Isidoro de Donas (Palencia) e S. Pedro de Cardeña (Burgos), foron os centros máis importantes na área castelá que, coma os navarro-rioxanos de S. Juan de la Peña (Huesca), Irache (Navarra) e Nájera (Logroño), se dispuñan ao longo do camiño francés que os cluniacenses contribuíron a consolidar.

Na área galego-leonesa, amparada desde finais do século XI e comezos do seguinte pola raíña Urraca e polo arcebispo Xelmírez¹⁶, a orde alcanza o seu apoxeo a mediados do século XII con Afonso VII. O papel de Cluni en terras galegas foi moi importante no aspecto político pola súa intervención no conflito sucesorio creado á morte de Afonso VII, así como no terreo da organización eclesial (reaxuste parroquial) e as prácticas litúrxicas (implantación da reforma gregoriana). Con todo, o seu éxito como orde monástica foi escaso e efémero. Os monxes de Cluni –coñecidos coma os “monxes ne-

¹⁶ Sobre a relación de Urraca con Cluni véxase GORDO MOLINA (2008).

gros”, pola cor dos seus hábitos— non foron moi ben recibidos en Galicia.

Co apoio do trío Urraca-Raimundo-Xelmírez instaláronse en mosteiros xa existentes e fundaron outros novos formando con eles unha rede de priorados que se estendía por toda Galicia excepto pola diocese de Santiago. Entre 1172-73 e 1225-26, os priorados galegos e portugueses formaron unha *cameraria Gallaecia* na que Vilafrío (Castroverde, Lugo), Pombeiro (Pantón, Lugo), Xuvia (Narón, A Coruña), Santa María de Ferreira de Pantón (Lugo), San Pedro de Valverde (Monforte, Lugo) e San Salvador de Budiño (Porriño, Pontevedra) eran os centros máis importantes¹⁷, pero estes cenobios, implicados nos manexos políticos da raíña Urraca e dos seus inimigos, non parecen alcanzar nin prestixio espiritual nin gran prosperidade material.

A verdadeira renovación do monacato galego foi obra do Cister, a orde refundada por San Bernardo co obxectivo de recuperar os ideais de austeridade e pureza da regra beneditina que ao seu entender os cluniacenses prostituíran pola súa acumulación de riquezas e polo seu afán de intervención nos asuntos mundanos. Na segunda metade do século XII, o Cister substitúe a Cluni no favor dos reis tanto en Galicia como no resto de Europa e a orde cluniacense inicia unha era de declive que en Galicia marcha paralela á decadencia xeral da casa matriz e da totalidade da orde.

É no contexto de implantación de Cluni en Galicia nas primeiras décadas do século XII, e nun momento político de

¹⁷ A eles habería que sumar os priorados portugueses de S. Pedro de Rates, Vimieiro, Pombeiro, etc. Logo de 1226, os cenobios galego-portugueses perderon a súa autonomía e integráronse na provincia de Hispania. Sobre a *cameraria* galega véxase REGLERO DE LA FUENTE (2008), pp. 616-17.

achegamento entre o conde Gómez Núñez e o rei Afonso VII, patrocinador da orde en Hispania, cando se produce a doazón do mosteiro de Budiño a Cluni (26 de xullo de 1126). O documento orixinal de doazón, como boa parte da documentación relativa ao cenobio, perdeuse. Con todo, consérvase unha copia deste, e de moitos dos relatorios dos visitantes que por encargo da casa central visitaron Budiño nos séculos XIII e XIV, realizada no século XVIII por Louis-Henri Lambert de Barive¹⁸.

Na carta de doazón, Gómez Núñez e o seu irmán Fernando dóanlle ao abade Pedro de Cluni (*beato Petro apostolorum principi et monachis Cluniacensis*) o mosteiro de Budiño con todas as súas posesións, igrexas e herdades (*totum itaque monasterium, cognomento Botinio, per terminos et divisiones suas antiquitus, cum ecclesiis et hereditatibus quas inter vel extra habet vel habere poterit*), e establecen o pago dunha renda anual de medio marco de prata á casa matriz (*in unoquoque anno dimidia argenti marcha exinde Cluniaco reddatur*).

A doazón confirmouna Afonso VII en Carrión de los Condes en agosto de 1142¹⁹, con motivo da visita de Pedro o Ve-

¹⁸ Véxase o noso apéndice documental II. O avogado de Autun Lambert de Barive traballou durante dúas décadas (entre 1770 e 1790) facendo copias dos cartularios cluniacenses, na maior parte perdidos pouco despois durante a Revolución. As súas transcricións, hoxe na Biblioteca Nacional francesa (Ms. Col. Moreau nº 283 e 284), son a principal fonte para o estudo da orde, e a súa confrontación cos escasos documentos orixinais do cenobio que sobreviviron demostrou o seu alto grao de fiabilidade (véxase RICHARD (1950) e BARRET (2004)). A documentación conservada de Cluni foi publicada por BERNARD BRUEL (1876), e CHARVIN (1965-82), e as actas das *visitas* españolas por ROBERT (1892). Boa parte dela pode consultarse na actualidade dixitalizada na web da BNP e na base de datos sobre Cluni da Universidade de Münster: <<http://www.uni-muenster.de/Fruehmittelalter/Projekte/Cluni/Welcome-s.htm>>.

¹⁹ Véxase o apéndice documental I, nº 3. No documento confirma o bispo de Tui, algo que non sucedera na doazón de 1126 aínda que si o fixo un arcediogo da diocese.

nerable a España²⁰, e nun momento en que a coroa se incautara dos bens de Gómez Núñez, e reafirmouna en 1169 Fernando II cando, en tempos do camareiro Umberto, dooulle a Cluni a igrexa de Santa Ágata de Ciudad Rodrigo e a aldea de Saelices (Salamanca) e confirmou as doazóns da maioría dos priorados cluniacenses do reino de León, incluíndo entre eles a Budiño²¹.

²⁰ Sobre a visita e a súa significación político-relixiosa véxase BISHKO (1956). Cluni estaba entón sumida nunha profunda crise económica, e o abade Pedro veu a España para que Afonso VII renovase os censos anuais dos seus antepasados. Conseguiu unha *esmola* de 200 maravedís, a afiliación de S. Pedro de Cardeña, algunhas outras doazóns e a confirmación das antigas, entre elas a de Budiño, a cambio de defender o candidato de Afonso para a sede vacante compostelá.

²¹ Está confirmación só se coñece por unha copia tardía do documento real (véxase o apéndice documental I, nº 4).

O COUTO DE BUDIÑO

O conde Gómez Núñez e o seu irmán doáronlle a Cluni non só a igrexa e as dependencias do mosteiro de Budiño, senón tamén o seu couto, é dicir, un conxunto de propiedades e un espazo libre da xurisdición real. No documento de 1126 fálase de *totum itaque monasterium, cognomento Bontinio, per terminos et divisiones suas antiquitus, cum ecclesiis et hereditatibus*, e precísase a súa localización: *in provincia Gallecie, in terra Turonii, in ripa fluminis Munei, territorio Tudensi prope ipsam urbem Tudem²², ad radicem rupis magne, que vocatur Vulturaria..²³*.

Unha lagoa na carta de doazón impide ler as seguintes liñas e polo tanto coñecer con claridade os límites territoriais do couto aínda que, afortunadamente, no documento de confirmación de 1142 se ratifican os termos nos que acoutara o fundador:

... comitis Gomes, quando illud possidebat, cautavi: per illum videlicet locum, quo cum cauto Tude dividitur; inde

²² En realidade Budiño non está á beira do Miño senón no val do seu afluente o Louro, e na copia do documento conservada escríbese por erro *Rudensi* en lugar de *Tudensi* e *Tudam* en lugar de *Tudem*.

²³ A *rupis magne Vulturaria* (*Pennam Vulturariam* no documento de 1142), é sen dúbida o cume da elevación actualmente denominada Faro de Budiño, en cuxa ladeira oeste se atopa o lugar que aínda se coñece como Vitureira.

vero sicut dividitur cum cauto Atelie, et transit per cacumen de la Conforcada; inde per Pennam Vulturariam, et per montem Sculque, et per Petram Capre; inde sicut venit ad prenomiatum fluvium Lauri.

Comprendía xa que logo o couto Budiño, o sector oriental do val do río Louro delimitado ao norte polo couto de Atelie (a actual parroquia de Atios) e ao sur polo de Tui (cuxo límite estaba na liña que vai desde Albelos ata Parde-rubias pasando por Sobredo)²⁴. Polo oeste o límite estaba no río Louro e polo leste nos cumes da pequena serra que se estende desde o alto do Confurco ao norte ata o de Montecelo ao sur, alcanzando a súa máxima altitude no Faro de Budiño, a *Pennam Vulturariam* do documento.

As propiedades do couto estábanlles vedadas aos oficiais reais e os meiriños non tiñan xurisdición sobre as súas terras, segundo se encarga de recordar o documento de 1142:

Hujus rei equidem causa predictum monasterium cauto, ne majorinus et saio regius, vel aliquis alius regis vicarius infra prenomiatos terminos, causa pignerandi vel malifa-ciendi, intrandi licentiam habeat.

Aínda cando o mosteiro desapareza en 1435-36, na documentación seguírase facendo referencia ao couto de Budiño como entidade xurídica con xuíces, notarios e escribáns propios²⁵.

²⁴ Polo menos ese era o límite das xurisdicións de Budiño e Tui a comezos do século XIX (véxase ÁVILA y LA CUEVA (1995) 852-54 vol. I, p. 102).

²⁵ Véxase por exemplo o caso de Antonio López, veciño de Tui, escribán do Couto de Budiño e Forcadela, con título outorgado polo deán e cabido da catedral e aprobado polo gobernador e oidores do reino (*Libro Antiquo de Acuerdos y Autos Capitulares de la Ciudad de Tui*, AHPO, fol. 74v, 1 de xuño de 1598, citado en LÓPEZ GÓMEZ (1985), p. 213).

A vida do mosteiro

A partir de 1126 o cenobio de Budiño, posto baixo a advocación de San Salvador, converteuse nun priorado cluniacense aínda que, por desgraza, non temos datos del desde 1169 ata mediados do século XIII, o cal é especial infortunio porque na segunda metade do século XII deberon de reedificarse, como logo veremos, a igrexa e o resto das dependencias do priorado, de cuxas obras carecemos totalmente de noticias. Desde 1246, e ata a incorporación do centro á Mesa de Tui e a súa conversión en parroquia en 1435-36, si existe, pola contra, documentación que, con algunhas lagoas temporais, permite reconstruír a vida do mosteiro²⁶.

Nos seus mellores tempos, a congregación de Budiño estivo composta polo prior, oito monxes e un capelán comensal. Así o afirma o *Catalogus Abbatiarum, Prioratuum & Decanatum* cluniacense que publicou Martin Marrier no século XVII, o cal, desde que o citou o Pai Flórez a finais do século XVIII, foi durante máis dun século a única referencia documental coñecida na historiografía galega sobre o mosteiro: *Prioratus S. Salvatoris de Bondino, in Gallicia, Tundensis Diocesis, ubi debent esse octo Monachi, non computato Priore, et unus Capellanus commensalis*²⁷.

Esta dotación ideal debeu de manterse pouco tempo, se é que algunha vez foi real, xa que as *definicións* dos visitadores desde 1259 insisten na decadencia do cenobio, e consta

²⁶ A maioría dos datos proporcionánnolos os visitadores cluniacenses, pero poden atoparse algúns máis no Arquivo da Catedral de Tui e nos fondos procedentes do mosteiro cisterciense de Oia (véxase toda a documentación relativa ao cenobio no noso Apéndice documental I).

²⁷ MARRIER (1915), p. 614 col. 1747. Citado en FLÓREZ (1747-1879), vol. XXII, p. 22. Sobre o documento, véxase o noso Apéndice documental I, doc. nº 5.

que desde 1294 nunca tivo máis de tres monxes, en paralelo co declive do resto dos priorados galegos que a finais do século XIII apenas alcanzaban os 30 monxes en total²⁸.

En 1246 esixíuselles aos priores hispanos, entre eles P.[etrus] de Budiño, un xuramento de fidelidade ao abade de Cluni e a promesa de non vender, regalar, enfeudar, empeñar nin alienar os bens dos priorados, nin contraer débedas por encima de 40 marabedís²⁹. Con todo, xa en 1259 comezan as denuncias dos visitadores de Budiño polas vendas non autorizadas (*prior de Bodino multa alienavit*) e polo empeño de bens e a incontinencia sexual dos monxes (1261: *prior de Bodino obligavit ornamenta ecclesiae et de incontinentia inventus est a visitoribus publice diffamatus*). Acúsase tamén ao prior de ocultar as débedas do mosteiro (1265: *Inquirant visitatores futuri si prior de Bodino debita domus visitoribus anni praeteriti occultavit*), e a situación debeu de ser realmente grave posto que houbo que enviar desde a central outro prior que se fixese cargo da dirección dun cenobio que xa só tiña tres monxes (1274: *Apud Bondinum mittat domnus abbas priorem et sint ibi tres monachi cum priore*).

En 1291 acúsase de novo a dous monxes de Budiño de incontinencia, e en 1293 consta que había só un par de monxes e que a rainha María de Molina e o bispo de Tui (Xoán Fernández de Soutomaior) se fixeran co control dos bens do cenobio.

²⁸ Sobre a nómina de monxes dos priorados cluniacense galegos nestes momentos véxase ARIAS CUENLLAS (1966), p. 64. A principios do século XIV as visitas escasean polas circunstancias políticas, como afirma o *Capítulo Xeral* de 1310 referíndose en concreto a Budiño: *Quia prioratus de Badino, de Vimerio, Sti Martini de Junia non fuerunt visitati propter latronum et guerrarum pericula, scribat domnus abbas carnerario Hispaniae ut dictos prioratus quam cito quo modo poterit visitet vel faciat visitari*.

²⁹ Véxase Apéndice documental I, doc. nº 7.



Cume do Faro de Budiño (rupis magne que vocatur Vulturaria)

Aínda en 1303 o prior de Budiño actuou como visitador cluniacense en España, pero a decadencia do priorado, definitivamente baixo o control do bispo tudense, acentúase. Aproveitando que nos anos seguintes non houbo visitas por mor das guerras (*propter latronum et guerrarum periculā*), en 1312 o autoproclamado prior Petrus, fuxiu a Portugal levándose un evanxeliario e unha casulla coa súa estola e manípulo valorados en 60 libras, e en 1314-17 sabemos que o priorado seguía en mans do bispo e non lle pagaba á casa central os 600 maravedís anuais *de boa moeda* aos que estaba obrigado.

Non é unha situación excepcional en España nin no resto de Europa. No século XIII Cluni perde o patrocinio real, os bispos e nobres usurpan as súas rendas e os priorados recorren frecuentemente ás vendas e aos aforamentos para sobrevivir³⁰, á vez que a indisciplina e a corrupción se estenden por todas as partes.

³⁰ Véxase ROBERT (1892), pp. 328-29.

Entre 1325-35 debeu de haber unha certa recuperación do cenobio. En 1325 o mosteiro recibiu unha doazón en terras e diñeiro do cabaleiro tudense Afonso Yáñez (*Et mando ao moesteyro de San Salvador de Budinno meu quinon do berdamento de Torneyros (...) Et aynda mando a esse moesteyro mill moravedis desta moeda alffonsi sobre dita X diñeyros por cada moravedi e mando que seia para o labor dessa Iglesia...*), e o prior Jhoan de Budiño foi nomeado visitador da provincia de Hispania en 1331 e 1335, intervindo ademais de xeito decisivo en 1332 na concesión por parte de Afonso XI á abadía de Cluni de vinte marcos de prata anuais recadados dos décimos do porto de Castro-Urdiales.

Este breve intermedio dunha década finalizou en 1335-36 cando, aproveitando a ausencia do prior mentres visitaba os cenobios hispanos, o bispo de Tui, en colaboración cun infanzón da zona (*Johannes Alfonsi*) e un monxe cluniacense (*Frenandus Petri*) que fora deposto como prior de Vimieiro (Portugal), usurpou de novo as rendas do mosteiro que, segundo os visitantes, se atopaba *in magno periculo* e nun lugar onde non vivían homes senón demos (*domus est posita in terra ubi non habitant homines, sed demones*). Nestes momentos aínda tiña Budiño dous sacerdotes seculares, tres monxes e o prior, fieis a Cluni e competentes para celebrar os oficios divinos, pero o Cardeal de España Guillerme da Garde controlaba completamente as rendas do priorado (1337), que en 1340 xa se quedou sen monxes.

A central cluniacense enviou en 1342 un novo prior, pero isto non amedrentou aos usurpadores das rendas que en 1344 organizaron unha invasión en toda regra por parte de homes armados a pé e dacabalo que, encabezados por dous arquiidiaconos da diocese de Tui, *Petrus Ferrandi* e *Dominicus Dominici*, e afirmando actuar por orde do Cardeal de España (*domini Guillelmi cardinalis*), roubaron bens do

mosteiro e destruíron documentación, bulas, privilexios, etc. (*arcas thesauri prioratus bujus fregerunt, privilexia ac instrumenta prioratus ac etiam bullam acceperunt, disrumpendo eorum sigilla*).

O abade de Cluni mandou en 1345 dous novos monxes e instou en 1348 ao prior a reparar os edificios e recuperar as pertenzas alienadas por priores anteriores, pero en 1349 faleceu o prior de Budiño, o culto interrompeuse e o cenobio quedou abandonado, situación que persistía en 1377 (*Prioratus de Bodino, S. Petri de Ratis, S. Mariae de Vimero et S. Isidori male gubernantur; nec sunt ibidem monachi morantes*).

Cluni fixo un último intento de restauralo pero a decadencia era xa irreversible. A última das visitas conservadas (1392) é realmente a acta de defunción do mosteiro, destruído polas guerras e rapinas (*Prioratus de Bodino, Tudensis diocesis, totus est destructus propter guerras*), sen monxes (só o prior ao que se cualifica de *simplex et idiota*), cos bens peñorados, sen culto divino, sen vestimentas, nin libros litúrxicos, nin cáliz. A igrexa e o claustro estaban en ruínas e só había unha pequena dependencia habitable cuberta con tellado de palla: *Prior impignoravit medietatem totius prioratus cuidam scutifero quasi pro nihilo. Ecclesia multum indiget reparatione, nec sunt in eadem vestimenta, neque aliud bonum. Non est ibi claustum; sunt ibi parvae domus de palea. Prior non habet unde vivat; quia multum simplex est et idiota*. Naturalmente non se pagaba o censo anual e consta que cara a 1400 o priorado debíalle 10 floríns por ese concepto á casa central³¹.

³¹ Véxase o Apéndice Documental I, doc. nº 35.

Os monxes de Budiño

A destrución da documentación do cenobio en 1344 privounos de coñecer moitos aspectos da vida interna do centro e son moi escasos os datos que temos sobre os seus monxes e priores. Xa me referín a un tal P. (Petrus?) que en 1246 xuroulle fidelidade ao abade Guillerme, e temos noticias doutro prior chamado tamén Petrus en 1312, ao parecer un usurpador (*frater Petrus, qui se gerit pro priore de Boudino*), que fuxiu a Portugal levándose obxectos litúrxicos.

En 1332 dirixía o priorado Don Jhoan, encargado polo abade de Cluni de mostrarlle ao rei Afonso XI os *privilegios de los reyes onde nos venimos*, e convencerlle de que renovase a *esmola* anual de vinte marcos de prata que os monarcas casteláns lle concederan á orde cluniacense. Sorprende esta actuación de D. Jhoan como *procurador del dicho Abbad y conuento* [de Cluni], nunha xestión que debería de corresponder ao *camerarius* de Hispania³², tanto que se pensou se non podería tratarse dun usurpador que intentase enganar ao rei³³.

Polo que parece, o documento real de confirmación da doazón nunca se enviou a Cluni, polo menos non hai a menor referencia a esta renda nas contas da casa en Borgoña nin nas do priorado-camarería de Hispania en Carrión, e non hai probas de que se pagasen os 20 marcos de prata prome-

³² O *camerarius* era ao principio un monxe da casa central que se desprazaba desde Borgoña anualmente. Na segunda metade do século XII, en España o cargo correspondíalle alternativamente aos priores de Nájera e Carrión e desde principios do século XIII exclusivamente ao prior carrionense. A súa función consistía en defender os intereses da central cluniacense e facer a inspección anual dos priorados, labor que desde mediados do século XIII recaerá nos *visitadores* nomeados polo Capítulo xeral (normalmente un ou dous priores da provincia).

³³ Véxase SENRA GABRIEL Y GALÁN (1995), p. 556.

tidos (2000 marabedís) sobre os décimos do porto de Castro Urdiales, unha cantidade que, por outra banda, a inflación convertera en modesta, se a comparamos cos 60.000 marabedís que no mesmo ano e sobre os mesmos décimos concedeu Afonso XI á abadía cisterciense das Huelgas, e ata ridícula se temos en conta que os gastos de viaxe dun prior-camerario de Carrión a Cluni en 1338 importaron 1500 marabedís³⁴.

Cabe pensar que o prior de Budiño fose nomeado procurador polo abade de Cluni no *Capítulo xeral* de 1332, que comezou o 10 de maio³⁵, pero Javier Senra no seu estudo do documento de Afonso IX xa sinalou que, aínda que non hai o menor indicio de que o documento sexa unha falsificación, é estraño que a única copia se conservara no mosteiro de San Facundo e San Primitivo de Sahagún e non na central de Carrión, e que o *camerarius Hispaniae* non interviñese na operación³⁶.

Consta tamén na documentación que o prior de Budiño nesta época –non se especifica se é este Jhoan– foi nomeado visitador da provincia de Hispania en 1131 e 1135, o que parece indicar a existencia dunha relación de confianza co abade Pierre II de Chastellux. E, se Don Jhoan era o prior en 1335, foi a el ao que intentaron matar cando ao regresar ao priorado da súa visita á provincia de Hispania, o atopou invadido por homes armados dirixidos polo infanzón Johannes

³⁴ Véxase SENRA GABRIEL Y GALÁN (1995), p. 555.

³⁵ SENRA GABRIEL Y GALÁN (1995), p. 551 así o supón, e anota que a viaxe de regreso de Cluni a Burgos (unhas 40 xornadas) permitiría folgadoamente a súa presenza na cidade o 13 de xullo.

³⁶ O camerario de Hispania asistiu tamén ao capítulo de 1332 en Cluni e menciónaselle expresamente nas actas, o mesmo que ao de Budiño (véxase o noso Apéndice documental I, doc. nº 21).

Alfonsi e apoiados polo bispo García I de Tui e un monxe do cenobio, Frenandus Petri: *Item refert prior quod predictus monachus tractavit sibi mortem cum quodam infantore, Johannes Alfonsi nomine, incitando alios malos homines contra priorem et monasterium.*

Este Frenandus, que fora deposto como prior de Vimieiro (Portugal) e se refuxiara en Budiño onde colaborara co bispo na usurpación das rendas do mosteiro, é o único nome dun monxe de Budiño que aparece na documentación de Cluni, e na galega só coñezo o caso dun *Dominus Salvator Monachus de Bodinno* que a mediados do século XIII figura como testemuña dun suposto milagre de San Telmo en Tui³⁷. Doutrous dous monxes aos que a documentación se refire pola súa violación do voto de celibato en 1291, non coñecemos os seus nomes³⁸.

A fin do cenobio

Entre 1400 e 1434 non se conserva documentación sobre o mosteiro pero é de supor que o centro languidecería ata que en 1435, arrastrado pola crise final da congregación cluniacense, foi suprimido como outros moitos agregándose os seus bens á Mesa Capitular de Tui e o templo convertido en igrexa parroquial.

O 1 de xuño de 1435 o Papa Uxío IV, no contexto da reestruturación do cabido tudense, escaso de rendas logo da

³⁷ Testemuño recollido nos *Milagros de S. Pedro González Telmo compilados por el obispo Gil Pérez da Cerveira*, en FLÓREZ (1747-1879), vol. XXIII, apéndice V, p. 284, nº 114.

³⁸ Tales acusacións son moi frecuentes na documentación sobre os cenobios hispanos (véxase PÉREZ CELADA (1998)).

secesión de Valença, decidiu reducir o número de coenxías e anexionar á Mesa tudense os bens e as rendas dos mosteiros de San Salvador de Budiño, San Bartolomé de Rebordáns, Tomiño, Barrantes e Angoares³⁹. Por diversos problemas a anexión non se levou a cabo de xeito efectivo ata o ano seguinte, pero desde 1436 o mosteiro de Budiño deixou definitivamente de existir⁴⁰, aínda que durante décadas se segue facendo referencia na documentación aos seus bens e ao seu couto.

A finais de 1436 nomeou o cabido de Tui un capelán para a igrexa do mosteiro de Bodiño, o cal *ovesse por clerigar o dito monasterio segundo seu costume et ennas cosas que lle fosen estabelecidas a renda que d´antes tiinna eta renda d´aljam et a luituiõça de todo o ano et os panos de meenfestos*⁴¹. Consta tamén que o cabido se fixo cargo dos escasos restos dos libros litúrxicos do priorado e que en 1463 recibiu *Hun Brivario grande do moesteiro de Bodinno*, hoxe perdido⁴².

Budiño e os Soutomaior

A segunda metade do século XV é en Galicia unha época de grande axitación social e política. Os conflitos sucesorios da monarquía castelá e a crise do sistema señorial avivaron as revoltas populares e a nobreza reaccionou intensificando a presión sobre os campesiños e usurpando os bens de mosteiros, igrexas e bispados. Na zona sur da actual provincia

³⁹ Bula de 1 de xuño de 1435 copiada no *Libro Tombo ou Becerro* da Catedral de Tui (Pergamiños 6/11, fols. 227-28).

⁴⁰ Véxase FLOREZ (1747-1879) vol. XXII, p. 215 e GALINDO ROMEO (1923), p. 83.

⁴¹ Acordo do 28 de novembro de 1436 en GALINDO ROMEO (1923), p. 85, nota 48.

⁴² GALINDO ROMEO (1923), p. 99.

de Pontevedra, foron os Soutomaior os beneficiarios das usurpacións que tiveron como branco a cidades, vilas e mosteiros, e especialmente a diocese de Tui, cuxos bispos foron obrigados a cederlles boa parte das súas rendas aos señores da casa, que non dubidaron en empregar as ameazas e a violencia para conseguir os seus fins⁴³.

Cara a 1450 comezaron as usurpacións, o que motivou unha queixa do cabido de Tui en 1460 ao señor do castelo de Sobroso –subordinado de D. Álvaro Pérez de Soutomaior– *sobre roubos rescantos e pregons domes e molleres e danos que el avia feito ennos seus coutos de **Bodinno**, Forcadela, Taborda, Cabral e en outros seus lughares terras coutos e señoríos*⁴⁴. A requisitoria non serviu de nada, e consta que Don Álvaro se apoderou da metade da vila da Guarda e dos beneficios dos mosteiros de Budiño, Tomiño, Barrantes e Angoares, ademais dos procedentes das cámaras de Bemibre, Beade, Parada, Coruxo e os coutos de Nigrán e Forcadela. Para consolidar estas adquisicións fíxose nomear polo cabido *teenseyro* (tenente) de Budiño, obrigando á Mesa a pagarlle as súas rendas⁴⁵ e facendo necesario o seu consentimento para calquera aforamento nesa tenencia⁴⁶.

⁴³ O bispo de Tui, Diego de Muros, e o abade de Melón sufriron nas súas carnes a violencia dos Soutomaior, o primeiro deles por dúas veces (unha delas estivo engaiolado durante varios meses).

⁴⁴ ACT, protocolos do escribán Afonso Fernandes, fol. 42v, citado en SÁNCHEZ CARRERA (1997), p. 258.

⁴⁵ ACT, protocolos do escribán Fernán González, fol. 31.

⁴⁶ ACT, protocolos de Afonso Fernandes, fol. 32v: *De consentimiento de Alvaro de Soutomaior, teenseyro da teensa de Bodinno por lo cabildo*. Protocolos de Luis Vieyra: *aforaron e deron a foro un dito Martin Merino morador de San Esteban de Bodinno, (...) de consentimiento de Alvaro de Soutomaior, teenseyro da teensa de Bodinno por lo cabildo segun da fe Ioan de Souto seu maordomo*. Citados en SÁNCHEZ CARRERA (1997), p. 258, véxase tamén ÁVILA y LA CUEVA (1995) 852-54 p. 154.

O sucesor de D. Álvaro, o seu irmán bastardo Don Pedro Álvarez de Soutomaior, intensificou a presión sobre o cabido tudense e logo de varios intentos frustrados obrigou con ameazas ao cóengo Lopo Martínez, arcediago de Miñor, a asinar, cara a 1479, a venda ao seu favor, entre outros, dos bens do mosteiro de Budiño⁴⁷.

Forzado polas circunstancias políticas e pola súa situación militar, D. Pedro pactou en 1482 unha concordia co bispo tudense Diego de Muros na que se comprometía a restituírlle ao bispado os mosteiros de Budiño, Tomiño e Santa Baia cos seus bens e rendas⁴⁸. Con todo, o pacto non chegou a cumprirse e en 1488 (16 de outubro) o cabido de Tui viuse forzado a concederlle unha coenxía a Afonso de Soutomaior, irmán de D. Pedro, para que este lle devolvese ao cabido *quanto el Rey y su Padre le habían sacado en la Guarda, Tomiño y Bodiño, S. Baya, Barrantes, Campos ancós, y otras cosas*⁴⁹.

Desaparecido Pedro Madruga da escena política galega a finais do século XV e exiliado en Portugal, a casa de Soutomaior perdeu rapidamente a súa influencia e posesións que pronto quedaron reducidas ao seu castelo e soar de orixe en Soutomaior (Pontevedra). O cabido tudense recuperou entón a propiedade dos bens de Budiño e a igrexa foi restaurada⁵⁰ e dotada cos libros necesarios para a súa nova función parroquial. Nos inventarios parroquiais dos bispos

⁴⁷ Véxase GARCÍA ORO (1981), p. 240, documento en GALINDO ROMEO (1923), apéndice nº XXVIII, p. XXX.

⁴⁸ Documentos no *Libro Becerro* do ACT, fol. 56, e protocolos de Fernán Pérez, fol. 88. Véxase SÁNCHEZ CARRERA (1997), p. 259.

⁴⁹ ACT, protocolos de Xoán Rodríguez fol. 5. Citado en FLOREZ (1747-1879), vol. XXIII, p. 3.

⁵⁰ Véxase máis abaixo o capítulo dedicado ao templo.

Diego de Avellaneda (1528-29), Miguel Muñoz (1540-41) e Juan de San Millán (1556-59), consta a existencia na igrexa de Budiño dun *Misal tudense* (o de 1528, moi citado pero perdido), un *Manual Bracarense* e un *Misal Auriense*, e no de 1541 consta tamén o *Manual tudense* de 1529, todos eles habituais nas parroquias da diocese⁵¹.

⁵¹ Véxase IGLESIAS ALMEIDA (1994), pp. 113-14.

AS DEPENDENCIAS DO MOSTEIRO

O mosteiro de Budiño tivo na Idade Media, de acordo coa documentación conservada, unha igrexa, un claustro, e outras dependencias monacais. De todo iso, só chegou aos nosos días a igrexa e os restos dun muíño, situado a uns 500 metros ao oeste do convento, no río Becerreira, é coñecido na zona como o *muíño do mosteiro*, o que parece indicar que pertenceu ao cenobio de Budiño. Non hai moitas máis noticias das propiedades do mosteiro, aínda que si sabemos que tiña algunha casa na vila de Tui⁵².



Ruínas do Muíño do Mosteiro

⁵² Tiña, por exemplo, a metade dunha situada na *Praça da cibdad* (a actual Praza do Concello), na que viviu ata 1492 un oleiro xudeo chamado Daniel, sendo máis tarde aforada polo cabido tudense a Blanca Álvarez (véxase ANTONIO RUBIO (2006), p. 355).



Ruínas do Muíño do Mosteiro

A IGREXA DE SAN SALVADOR

O templo sufriu numerosas modificacións, pero a súa planta mantén o deseño orixinal e consérvase da primitiva fábrica románica a ábsida, con lixeiros retoques⁵³, e parte do aparello dos muros da nave que se aproveitaron nas reconstrucións dos séculos XVIII e XIX como o proban as marcas de canteiro que aparecen en varios perpiaños do muro sur, idénticas ás que se atopan na parte alta do muro leste da cabeceira.




Marca de canteiro na cabeceira

⁵³ Son engadidos as fiestras neogóticas, a sancristía e a súa porta e algúns detalles como unha porta no lado sur, hoxe tapiada.



Marca de canteiro no muro sur da nave da igrexa



Planta da igrexa

O conservado permite afirmar que o templo orixinal, coa habitual orientación litúrxica Leste-Oeste, era como o actual de nave única con cuberta de madeira e ábsida rectangular, un esquema moi simple que se non é o máis habitual, si é relativamente frecuente no románico rural galego do século XII pola súa economía e quizá tamén por enlazar cos supostos da arquitectura prerrománica e do denominado *primeiro románico*. No caso de Budiño, cabe pensar que o templo do século XII se levantou sobre unha edificación anterior que sería a existente antes da doazón do cenobio a Cluni en 1126.



Fachada da igrexa na actualidade

Non temos documentación relativa á construción do templo, pero a análise estilística proba, sen dúbida, que foi levantado no último terzo do século XII por membros do obradoiro que levou a cabo a segunda etapa da construción da cercana catedral de Tui. A edificación da igrexa na segunda metade do século XII desenvolveuse en paralelo á doutros varios priorados cluniacenses galegos como Pombeiro (Pantón, Lugo), Xuvia (Narón, A Coruña) e Santa María de Ferreira de Pantón (Lugo), nun momento de expansión do románico en Galicia e cando a orde cluniacense aínda contaba coa protección real e non comezara o declive económico que sufriría no século seguinte.

Con posterioridade á súa conversión en igrexa parroquial debeu de engadírselle a sancristía, encostada ao muro leste da ábsida, e temos algúns datos de pequenas reformas nos séculos XVI e XVII, pero a reconstrución xeral non se produciu ata 1752. A obra, sufragada polos veciños, tivo lugar sendo párroco D. Francisco Antonio Rodríguez de Gutiérrez, como testemuña a inscrición situada sobre a porta principal:

JHS AÑO DE 1752 SIENDO PARROCO EL COMISARIO
D[ON] FRAN[CIS]CO ANT[ONI]O RODRIGUEZ DE GUTÍN
REEDIFICOSE ESTA IGLESIA A COSTA DE LOS BECINOS.

Na reforma reconstruíuse a nave e levantouse a actual fachada barroca, pero a ábsida románica mantívose practicamente intacta e sobreviviu tamén ao raio que en 1807 afectou á cabeceira da igrexa e derrubou a espadana, e ao incendio que a principios do século XX destruíu a cuberta de madeira da nave.

A OBRA ROMÁNICA

Como vimos, só se conserva desa época a ábsida, de bo perpiaño de granito, moi abundante na zona. É lixeiramente rectangular ao ancho e está decorada ao exterior cunha fermosa cornixa en nacela pomada sostida por canzorros lisos. A cada lado tres estreitas seteiras abucinadas cara ao interior, as más próximas ao muro de fondo hoxe cegadas, o mesmo que unha porta con arco de medio punto entre as dúas primeiras ao lado sur⁵⁴.

Bango Torviso na súa breve ficha sobre a igrexa deu noticia de que no testeiro, detrás do retablo, parecía verse un arco cego con columnas de capiteis vexetais e no seu centro posiblemente unha fiestra semicircular, o que constitúe unha novidade na provincia, aínda que non se atreveu a afirmalo con seguridade ao non poder velo con claridade⁵⁵. Efectivamente a fiestra existiu aínda que foi tapiada. Hoxe quedou visible polo exterior o seu arquiño monolítico ao retirarse o albeiro que cubría a parte superior do muro leste (véxase foto). É destacable que o material empregado no arco, nos tranqueiros e nas zonas adxacentes desta fiestra non é o mesmo que o do resto dos muros senón un granito vermello de gran moi fino que contrasta co gris do paramento.

⁵⁴ A fiestra central ao lado sur foi tamén modificada, abucinándoa cara ao exterior e dándolle forma apuntada.

⁵⁵ BANGO TORVISO (1979), p. 220.



Cornixa pomada no muro sur da ábsida

No centro do muro de fondo da ábsida existiu tamén unha porta con arco de medio punto que comunicaba coa sancristía, pero foi cegado, probablemente a principios do século XX cando se colocou un sinxelo retablo de piñeiro para substituír o incendiado cara a 1915. A parte do arco da porta que mira cara ao interior da sancristía quedou entón convertida nun fornello, ocupado na actualidade por un armario, pero aínda poden verse restos das columnas laterais

No interior, o muro de fondo está hoxe completamente cuberto por un retablo de granito moderno e os laterais son moi simples, sen decoración e con dúas xanelas a cada banda e dous fornellos no lado norte e un no sur, amáis dunha porta neste lado hoxe tapiada.

O máis interesante é o arco triunfal de ingreso á capela maior: é de medio punto dobrado e a súa arquivolta exterior está moldurada en baquetón e perfilada cunha chambrana decorada con xadrezado, unha decoración moi frecuente no románico europeo, especialmente no do Camiño de San-



Fiestra cegada no piñón da ábsida



Cabeceira desde o sueste (en primeiro termo a sancristía e a continuación a ábsida románica)

tiago, que parece ter a súa orixe na Catedral de Jaca (Huesca)⁵⁶.



Interior da ábsida, muro sur

Como pode apreciarse claramente nas fotos, o arco de Budiño presenta algunhas imperfeccións na doelaxe da zona da clave, e as dúas doelas de arranque da chambrana en ambos os lados son pezas modernas colocadas nunha restauración en 2005-2006 xa que as orixinais foran rozadas⁵⁷. Apóia-se en dúas columnas entregas, apeadas en bases de perfil ático con garras. Os capiteis son excelentes con gran volume na talla e dúas ordes de follas rizadas rematadas en volutas. O do lado sur presenta no centro unha cabeza humana. O ábaco destes capiteis, moldurado en chafrán, prólóngase polo muro a modo de imposta ata alcanzar a unión

⁵⁶ Sobre o xadrezado no románico véxase, recentemente, SGRIGNA (2010). O caso de Budiño corresponde na súa clasificación ao nivel 1 tipo B (véxase o seu anexo 2, p. 397, nº 441), o tipo máis frecuente, presente en dous terzos dos máis de 550 casos analizados pola autora na súa Tese de doutoramento.

⁵⁷ Véxase foto, antes da restauración, en BANGO TORVISO (1979), lam. CXIV, h, i.

cuns contrafortes que enlazan cos muros laterais da nave. Bango Torviso relacionounos cos capiteis da case desaparecida igrexa monacal de San Estevo de Casteláns (Covelo) e co taller da segunda campaña da Catedral de Tui –o do transepto–, o que lle levou a fixar a súa cronoloxía cara a 1170⁵⁸.



Arco de ingreso á ábsida

En efecto, a influencia do segundo taller de Tui estendeuse no último cuarto do século XII a toda a rexión do Miño

⁵⁸ BANGO TORVISO (1979), p. 220. Os capiteis de Castelans, o arco triunfal da igrexa e restos das xanelas da cabeceira atópanse na actualidade nos xardíns do Balneario de Mondariz e, efectivamente, son moi similares aos de Budiño aínda que algo máis bastos. Do templo de San Estevo só se conserva *in situ* a parte baixa da ábsida poligonal románica e escasos restos dos muros da nave (véxase MOURE PENA (2005). En canto á cronoloxía do taller de Tui, vén determinada polas datas das doazóns de Fernando II para a obra da catedral tudense.

galego e portugués⁵⁹: Santa María de Tomiño, San Miguel de Pexegueiro, Santa María de Tebra, San Pedro de Angoares e San Estevo de Casteláns na parte galega, e São Salvador de Ganfei, São Fins de Friestas, São João de Longosvales, São Salvador de Bravães, São Cristóvão de Rio Mau ou São Pedro de Rubiães, na portuguesa, son, como San Salvador de Budiño, templos en cuxa decoración se detectan as pegadas da escultura románica tudense coa súa exuberante riqueza decorativa de elementos vexetais e entrelazado, e o seu repertorio de cabezas humanas, monstros, grifóns, leóns e harpías, e ata en igrexas pontevedresas relativamente afastadas de Tui como San Martín de Vilaboa, Santa María de Caldas de Reis, San Adrián de Moneixas (Lalín), ou San Estevo de Lagartóns (A Estrada), atopamos capiteis de filiación tudense e moi similares á parella de Budiño.

Concretando, no caso de Budiño os seus dous capiteis teñen case exactos paralelos no cruceiro norte da catedral tudense. O da cabeza humana é practicamente idéntico ao situado no segundo piar leste, mirando cara ao sur⁶⁰, e o vexetal segue o modelo de varios existentes na mesma zona do cruceiro, tanto nas columnas da nave como na parte alta⁶¹. Os dous tipos aparecen tamén, en formas máis ou menos fieis ao modelo orixinal, na práctica totalidade das igrexas galegas e portuguesas citadas que mostran influencias tudenses. Os de Budiño son dos mellores da serie, obra

⁵⁹ Sobre a influencia dos obradoiros tudenses en Galicia véxase, recentemente, CENDÓN FERNÁNDEZ (2006), especialmente as pp. 128-30 para os capiteis. Para as igrexas portuguesas citadas véxase GRAF (1988), pp. 229-242; 267-76; 409-12, e RODRIGUES (1995), pp. 222-231; 270-75 e 281-82. O traballo máis recente sobre a influencia do taller de Tui en Portugal é o de REAL (2001), especialmente pp. 35-39 para o influxo tudense.

⁶⁰ IGLESIAS ALMEIDA (1978), catálogo nº 21, fig. 18; similares son os números 12, 24 e 39.

⁶¹ IGLESIAS ALMEIDA (1978), catálogo números 9 e 10, figs. 3b e 4.



Capitel románico do arco triunfal (lado sur)



Capitel románico do arco triunfal (lado norte)




Capitel da catedral de Tui (cruceiro norte)



Capitel de San Adrián de Moneixas (Lalín)



Capitel vexetal do cruceiro da catedral de Tui



Capitel vexetal da tribuna da catedral de Santiago

probablemente das mesmas mans que labraron os citados de Tui, mentres que noutros casos (Lagartóns) parece que se trata de mestres menores que interpretan os modelos tudenses cun estilo máis basto.

Iglesias Almeida, aínda recoñecendo influencias compostelás na arquitectura da catedral de Tui, considerou a súa escultura obra de talleres locais con raíces no “prerrománico rexional” e cun punto de partida no primeiro románico da zona (capiteis de San Bartolomé de Rebordáns, nos arredores de Tui). Con todo, estudos máis recentes destacan as relacións dos capiteis da nave norte do cruceiro de Tui que mostran decoración vexetal coas obras do taller compostelán de Praterías, produtor tamén de capiteis con follas e cabezas humanas no centro da cara principal que tiveron ampla difusión en Galicia⁶².

Reformas do século XVI

Cando Budiño se incorporou á diocese de Tui, as súas dependencias atopábanse, como vimos, en lamentable estado, pero non está claro se tamén o estaba a igrexa á que non se refiren os documentos ata 1528. A partir desa data os *Libros de visitas* do bispado proporcionan datos dalgunhas reformas:

En 1528, na visita que fixo ao cenobio o cóengo D. Antonio Cascante por orde do bispo D. Diego de Avellaneda, o

⁶² YZQUIERDO PERRÍN (1989), p. 95: “...suelen tener en el centro pequeñas cabezas humanas de rostro un tanto aplastado. La colocación de cabezas tanto de personas como de animales en capiteles es frecuente en el románico, y en Galicia tuvo amplísima difusión, sobre todo a partir de su empleo en la catedral de Santiago, como en otros talleres activos a partir de mediados y durante la segunda mitad del siglo XII”. Véxase tamén CENDÓN FERNÁNDEZ (2006).




mosteiro tiña unha capela coa advocación de San Andrés da cal era capelán Henrique Pérez. O visitador ordenoulle ao capelán que pechase unha fiestra nela, trasladase o altar de San Andrés á parede de fondo e fixese pintar unha imaxe do santo e outras *que le paresciere (...) y cumpla dentro de diez meses so pena de veinte ducados*⁶³. A existencia da capela de San Andrés no mosteiro, aínda que parece que non exactamente na igrexa, menciónase en visitas posteriores (1540, bispo Miguel Muñoz) e aínda existía na segunda metade do século XIX cando se refire a ela Pascual Madoz⁶⁴.

En 1540 foi o propio bispo D. Miguel Muñoz quen *visitó la dicha iglesia y monasterio y capilla*, estando presentes o Mestre Escola da catedral, dous cóengos e varios clérigos que ordenaron *al cura y a los colectores de los frutos de dicho monasterio*, facer un taboado no coro da igrexa *so pena de diez ducados repartidos. Más mandó el dicho Cabildo que dentro de un mes renueven el santo que está en el altar mayor y le doren y pinten. Mandó al cura y a los colectores de los frutos de dicho cura que desde aquí a la Pascua Florida de quinientos y cuarenta y un años, renove los santos de la capilla de San Andrés, so pena de dos ducados repartidos por tercios, para la Fábrica, la Cámara de su Señoría y el Fiscal que los executará*⁶⁵.

⁶³ Véxase GÓMEZ SOBRINHO (1994), p. 80.

⁶⁴ Véxase GÓMEZ SOBRINHO (1994), p. 81, e MADOZ, Pascual, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Est. Literario-Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti, Madrid, 1849, vol. IV, p. 472.

⁶⁵ Véxase GÓMEZ SOBRINHO (1994), p. 81.



P
ri

ig
q
c
a
d
g
k
y
s
y

lu

S
(
c
C
g
a

A ÉPOCA BARROCA

Nos séculos XVII e XVIII a igrexa de Budiño sufriu importantes transformacións que afectaron á decoración interior, á nave e á fachada.

A finais do século XVII parece que se pensou en instalar na igrexa parte do retablo renacentista da catedral de Tui, aínda que non sabemos se chegou a efectuarse o traslado e, en todo caso, nada se conserva deste na actualidade. O que consta é un acordo capitular de 29 de decembro de 1682 no que se decidiu: *que el señor Don Pedro Gil, fabriquero, mande a la filigrésia de **Bodiño** a Joseph Dominguez para que vea lo que hace menester para el retablo de la capilla mayor de la dicha yglesia de Bodiño, y del retablo que fue del altar mayor desta santa Yglesia ponga lo que hace menester y lo mismo en la yglesia de San Bartolomé* [de Rebordáns]⁶⁶.

A reforma da nave e a construción da fachada tiveron lugar, como xa se mencionou, no ano 1752, sendo párroco

⁶⁶ Arquivo da catedral de Tui, *Cabildos Espirituales*, II, 88v, citado en ROSENDE VALDÉS (1989), p. 73, nota 14. O antigo retablo pétreo da catedral de Tui (terceira década do XVI) dispersouse ao colocarse o barroco (c. 1689). Do antigo consérvanse unha pilastra e dous relevos na catedral tudense (*Lamentación ante Cristo morto* e *Santa Ana coa Virxe e o Neno*) que mostran influencias portuguesas pero tamén nórdicas. A referencia do documento citado á “*yglesia de Bodiño*” podería en rigor referirse tanto á de San Salvador como á de San Estevo.



Fachada da igrexa antes da restauración de 2005-06

D. Francisco Rodríguez de Gutiérrez e á conta dos veciños da parroquia, segundo se afirma na inscrición situada sobre a porta principal do templo⁶⁷.

A fachada, de autor descoñecido, ten un único corpo que traduce ao exterior a estrutura interna da nave. O muro, de cachote, estivo albeirado polo exterior ata hai poucos anos⁶⁸ e sobre el destacaban as pilastras laterais e a cornixa que o enmarcan, estas en cantería de granito visto, o mesmo que a porta e a fiestra, como é habitual no barroco portugués e do sur de Galicia.

A portada é o elemento máis importante: ten forma rectangular, moldurada con cóbados angulares refundidos e coroada por un frontón curvo partido cos extremos rematados en volutas, dentro do cal se atopa parte da inscrición alusiva á reconstrución que continúa sobre o lintel da porta. Sobre o frontón aparece unha fiestra cuadrilobulada e a ambos os dous lados da fachada pilastras rematadas con pináculos.

A cornixa superior arrinca das pilastras de enmarque e debeu de seguir a liña de augas do antigo tellado, aínda que na actualidade está a un nivel máis baixo e cortada na zona central, xa que se modificou no curso das obras de reconstrución do campanario en 1807 e posteriormente cos arranxos da cuberta do século XX.

⁶⁷ Sobre a obra barroca da igrexa véxase PEREIRA MOLARES (2006), pp. 142-43, aínda que a autora parece non ter visitado nunca o templo que sitúa erroneamente no concello de Salceda de Caselas e do que afirma que a súa ábsida románica é semicircular.

⁶⁸ Véxase, máis adiante, o apartado dedicado ás reformas dos séculos XIX-XXI.

Modificacións contemporáneas

Desde 1752, a igrexa non sufriu cambios de importancia na súa estrutura aínda que si varias restauracións. A comezos do século XIX sabemos que un raio derrubou a espadana barroca, reconstruída polo mestre canteiro Xoán Antonio Morgado en 1807⁶⁹. É un elemento moi sinxelo no que debeu de empregar materiais anteriores e componse dunha arcada dobre de medio punto que alberga a parella de campás, coroada con pináculos laterais –iguais aos das pilastras da fachada e da porta do adro– e unha cruz de pedra na zona central.




A principios do século XX, segundo varios testemuños, a igrexa sufriu un incendio que destruíu a cuberta de madeira da nave, a cal foi reconstruída⁷⁰, e a comezos do XXI (2005-06) tivo lugar unha restauración xeral na que se retirou o albeirado da fachada e os muros, e substituíronse as cubertas. Nas mesmas obras puxéronse novos canlóns nos tellados, arraxáronse ou cambiáronse fiestras e reixas, limpouse a pedra e pavimentouse o adro⁷¹. Con iso conseguíuse consolidar o edificio e acabar con pingueiras e humidades, pero a desaparición do albeirado da fachada destruíu o contraste cromático barroco entre o branco dos muros e a cor do gra-

⁶⁹ Morgado era veciño de Burela (Santiago) e sabemos que o importe da reconstrución ascendeu a 1.700 reais (documentación no Arquivo da catedral de Tui, *Expedientes de reparación de templos*, véxase IGLESIAS ALMEIDA (1989), p. 77).

⁷⁰ ÁLVAREZ LIMESSES (1930), p. 846, afirma que: *La iglesia, que era románica, se quemó hace unos años y ha sido reedificada*, e o párroco actual, D. Emilio Gómez Cabanelas, confirmoume que o incendio tivo lugar cara a 1915, e que o retablo de piñeiro entón existente, de cuxa elaboración se conserva documentación no arquivo parroquial, tivo que ser retirado a finais do século XX por atoparse totalmente encouzado (era un elemento de escaso valor artístico que pode verse nalgunhas fotos antigas (BANGO TORVISO (1979), lam. CXIV, h, i).

⁷¹ Non indaguei na documentación sobre a reforma que, segundo o párroco, custearon os veciños e o Concello do Porriño.

nito dos enmarques, algo por desgraza moi habitual nas restauracións dos nosos tempos, nas que se valora o material (a pedra) por encima da fidelidade á estética orixinal do edificio restaurado, e prefírese en xeral a funcionalidade do granito á vista, máis fácil de conservar que os paramentos encalados.



to
ri
n
s
c
M
te
e
C

c
g
L

A

MOBILIARIO E IMAXINERÍA

Espolios e incendios fixeron desaparecer practicamente todo o mobiliario e as imaxes antigas da igrexa. A imaxinería actual é do século XX e de escasa calidade artística, e o máis antigo que se conserva é a figura do Salvador que preside o retablo maior (é obra do século XIX). Máis antiga é a cunca da pia bautismal do templo (quizá medieval), e no Museo Diocesano de Tui consérvanse desde 1980 nove interesantes petos ou esmoleiros de madeira e de folla de lata e de diversas devocións (Ánimas, Sto. Antonio, Virxe do Carmo...), datados nos séculos XVIII e XIX.

A documentación proporciona noticias doutras pezas, como o viril de prata dourado que o cabido tudense encargou para a igrexa en 1814 ao prateiro Pedro Carabelos López⁷², pero nada diso existe na actualidade.

⁷² A.C.T., *Expedientes de Reparación de Capillas Mayores*, véxase IGLESIAS ALMEIDA (1989), p. 35. O cabido pagou polo cáliz 2.500 reais.

68



Pia bautismal de Budiño



Peto das Ánimas do Purgatorio. Século XVIII (Museo Diocesano de Tui)



Peto das Ánimas do Purgatorio. Século XVIII (Museo Diocesano de Tui)



Peto de Santo Antonio. Séculos XVIII-XIX (Museo Diocesano de Tui)



Peto do Cristo da Saúde. Séculos XIX-XX (Museo Diocesano de Tui)

A TERRA DE TOROÑO

O territorio que na época medieval se designa co nome de *Terra de Toroño* comprendía a extensión aproximada do que era entón a diocese de Tui, aínda que, desde o punto de vista xurisdiccional, haxa que excluír del á vila de Tui –señorío do bispo–, e quizais a algúns outros enclaves de reguengo como A Guarda.

Trátase, así definida, dunha extensión duns 2.500 km², delimitada ao norte pola ría de Vigo, ao oeste polo Atlántico, ao leste polas elevacións do Faro de Avión, as serras de Cando e Suido e o río Avía, e ao sur polas montañas, hoxe portuguesas, de Labruja e Cerveira, posto que ata a escisión dos territorios ao sur do Miño en 1381 no denominado *Cisma de Valença*, reflexo galaico do cisma da igrexa europeo, a diocese tudense comprendía varios arciprestádegos no que hoxe son terras portuguesas na beira sur do val do Miño, e chegou a estender a súa xurisdición ata o Limia⁷³

Nos documentos máis antigos utilízase para denominar a *Terra* a forma latina *Turonium*, xeralmente en ablativo (*Turonio*), e a partir do século XII a forma con /O/ (*Toronio*)

⁷³ Véxase ÁVILA y LA CUEVA (1995)[1852-54], vol. I, p. 136; GARCÍA ORO (2002), pp. 561-62, e IGLESIAS ALMEIDA (2008).

que evolucionará a *Toronno* nos documentos en galego e logo a *Toroño*. Aparece tamén esporadicamente a forma feminina *Toronia*, e variantes como *Thoronio* ou *Torogno*. Sobre a súa orixe, hai acordo en que a base *TUR- *TOR- é prelatina aínda que de orixe escura, probablemente céltica e co significado de outeiro ou lugar elevado cando aparece como oronímico⁷⁴.

A primeira vez que aparece o topónimo na documentación é, como xa sinalou o Pai Flórez, no *Cronicón* de Idacio (ano 445). O bispo de Chaves menciona na súa crónica a Turonio *na costa de Galicia*, para referirse ao lugar onde desembarcaron os vándalos de Genserico no ano 430 (*Vandalis nauibus Turonio in litore Gallaeciae repente aduecti familias capiunt plurimorum*)⁷⁵, e un século máis tarde o *Parochiale Suevum* (569) sinala a Turonio no noveno lugar entre as igrexas da zona de Tui (*ad Tudensem ecclesias que in vicino sunt*)⁷⁶.

A finais do mesmo século (c. 586-88), temos tamén unha moeda do rei Recaredo (un triente ou tremís de ouro) cunha inscrición que alude a unha vitoria dos exércitos visigodos en Tornio (TORNIO VITORIA), localidade que, segundo Mur-

⁷⁴ Véxase AEBISCHER (1930); DAVID (1947), pp. 80-81 e SACAU RODRÍGUEZ (1996), pp. 37-39. Nos casos nos que a raíz aparece na hidronimia, parece referirse a ríos con rápidos (véxase GORDÓN PERAL (1992) e BASCUAS (2006). Sobre o seu uso como oronímico véxase tamén VILLAR LIÉBANA (1995), especialmente pp. 218 ss.

⁷⁵ *Hidatii chronicon*, 131: [os vándalos, arrastrados repentinamente polas naves a Turonio, na costa de Galicia, fan cativas a moitas familias]. CODOLGA, versión 5 (2008), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://corpus.cirp.es/codolga>>, consultado 22/08/10.

⁷⁶ O denominado *parroquial suevo* ou *divisio Theodomiri* recolle as divisións dos bispados galegos establecidas no Concilio de Lugo de 569. A súa edición crítica, en Pierre DAVID (1947), pp. 1-82 (reproducida en *CCSL*, vol. 175, Turnhout, 1965, pp. 11-20). A denominada división ou itación de Wamba, de autenticidade discutida e en todo caso obra moi deturpada, denomina o lugar *Turinio*.


guía e Beltrán Villagrasa, sería o *Turonio* do Parroquial suevo e xa que logo o Toroño medieval⁷⁷. É coñecido que a nómina de cecas visigodas da *Gallaecia* coincide case exactamente coa das localidades citadas no *Parochiale* suevo, e a moeda de Tornio é de tipo indiscutiblemente galego e presenta moitas afinidades con outra que se refire a unha vitoria en Tui (VITORIA IN TVDE)⁷⁸, de modo que pode suporse razoablemente que TORNIO é unha contracción de TORONIO e que se trata do TURONIO do *Parochiale*⁷⁹.

Existe, con todo, un problema que xa sinalou Manuel Fernández Rodríguez nos anos 50. Para identificar TORNIO con Turonio/Toroño non só hai que supor unha contracción senón que é necesario explicar o uso do /O/, xa que todos os testemuños altomedievais nos transmiten a voz TURONIO, con /U/, e a forma TORONIO non aparece na docu-

⁷⁷ Sobre a peza, que pertenceu á colección Vidal Quadras de Barcelona e hoxe está en paradiro descoñecido, véxase HEISS (1872), pp. 62-63, catálogo de Recaredo nº 40 (p. 96 e Lam. III), quen propón para a ceca unha localización en Torneiros, Torneyro ou Torno, opinión que acepta FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), p. 24. MURGUÍA (1888), p. 766 e BELTRÁN e VILLAGRASA (1916), p. 163, identifícanas con Toronio/Toroño. O estudo máis completo da moeda, en MATEU e LLOPIS (1980) que a data cara ao 588. Véxase tamén MATEU e LLOPIS (1936), pp. 373-74; MILES (1952), nº 111, p. 143; VICO MONTEOLIVA (2006), nº 93 e PREGO VAZQUEZ (2009), nº 149 (vol. II, p. 118). Na actualidade, a maioría dos estudos sobre a numismática visigoda aceptan a identificación da ceca co Turonio altomedieval e a tese de Flórez, sobre a súa localización en Torroña.

⁷⁸ A peza pertenceu á colección do Museo Arqueolóxico Nacional pero desapareceu co resto das moedas de ouro do Museo durante a Guerra Civil. Véxase HEISS (1872), pp. 62-63, catálogo de Recaredo nº 41 (p. 96 e Lam. III); MATEU e LLOPIS (1936), p. 373; MILES (1952), nº 112; VICO MONTEOLIVA (2006), nº 94 e PREGO VAZQUEZ (2009), nº 150 (vol. II, p. 118).

⁷⁹ A coincidencia entre as cecas e o *Parochiale* foi destacada por Beltrán Villagrasa e por Mateu e Llopis, e recentemente ocupouse do asunto Pablo C. DÍAZ (2004). Pola súa banda, López Quiroga e Rodríguez Lovelle, consideran que ambas as moedas corresponderían ao primeiro ano de reinado de Recaredo (586) pero farían alusión ás vitorias contra os suevos do seu pai Leovixildo entre 576 e 585, data da definitiva desaparición do reino suevo (véxase LÓPEZ QUIROGA & RODRÍGUEZ LOVELLE (1994), p. 86).



A Terra de Toroño na Idade Media

mentación ata a Baixa Idade Media⁸⁰. É certo que a forma en /O/ só se xeneraliza no século XII, pero existen evidentes vacilacións na documentación no que respecta ao uso do to-

⁸⁰ O problema filolóxico púxoo de manifesto FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004)[1951] p. 24 e respecto diso hai que destacar que nas primeiras aparicións da voz, como antropónimo xentilicio na epigrafía romana, se emprega tamén a forma en /O/: CLUDIO TURONI AN. XXV (inscrición procedente da zona de Bragança (norte de Portugal), véxase VIVES (1971-72), nº 2292, vol. 2, p. 265 e *CIL*, II, nº 2504); FLA[VI]VS TV[RO]NI (San Esteban do Toral (O Bierzo, León) e

pónimo (*Torogno, Torroño, Toronno, Thoronium, Toronia...* son algunhas das variantes), e consérvase un documento do século X, que non foi utilizado ata agora na historiografía sobre as moedas, no que aparece a forma TORNIO, a mesma que no tremís, en indiscutible referencia á *terra* de Toronium. Trátase dunha doazón de San Rosendo ao mosteiro de Celanova (Ourense), datada o 26 de setembro de 942⁸¹, que se conserva nunha copia do século XII no *Tombo de Celanova*, de modo que cabe pensar nunha adaptación do topónimo por parte dos copistas á voz en uso na súa época, pero Díaz e Díaz demostrou a fiabilidade dos escribáns do *Tombo*, especialmente cando copiaban documentos tidos por hológrafos de San Rosendo como o que nos ocupa, de maneira que resulta tamén razoable seguir crendo que TORNIO é igual a *Toronium/Toronno* e, xa que logo, que a finais do século IX xa se utilizaba a forma en /O/ e que quizá TORNIO non sexa unha contracción senón unha variante máis do topónimo⁸².

Aínda temos outra mención de Turonio antes da invasión islámica. Do século VII (670-680) é a *Vita Sancti Fructuosi* na que se conta como o santo bracarense, sentindo próxima a súa morte, chamou ao seu servo Decencio e ordenouno abade do “importante mosteiro de Turonio” (*Et inponens ei manum ordinavit eum Abbatem in praecipuum Turonio*

ADIO FLACCO TURENNI F. (epígrafe atopado na muralla de León), véxase MANGAS MANJARRES (1981), p. 262.

⁸¹ ... *in Tornio Sancta Eolalia cum Sisnandi et Gerasio medio*.

⁸² *Tombo de Celanova* (Arquivo Histórico Nacional, Códices L.986, fol. 3r), editado en primeiro lugar polo P. Yepes e modernamente por DÍAZ e DÍAZ (1990), pp. 247-255 e ANDRADE CERNADAS (1995), doc. nº 2 e 934). A lectura *in tornio* non ofrece dúbidas, aínda que noutro documento do Tombo (ano 934, repartición da herdanza entre S. Rosendo e os seus irmáns), se alude á mesma propiedade utilizando a forma Toronio: *In Toronio Sancta Eolalia cum Sisnandi suo medio* (véxase ANDRADE CERNADAS (1995), nº 478 p. 662).

Monasterium)⁸³. Non sabemos onde estaba exactamente o mosteiro de Turonio –o primeiro existente na zona si é certa a fundación por S. Frutuoso–, pero se supuxo que podería atoparse na parroquia de San Pedro de Cela (Mos), lugar no que estaba a igrexa na que Xelmírez depositou os corpos de S. Frutuoso, Sta. Susana e S. Cucufate cando os trouxo de Braga, a cal, segundo a *Historia Compostelá*, fora construída polo propio santo *quam B. Fructuosus fabricaverat*⁸⁴.

Catro mencións, pois, dunha localidade que o Pai Flórez na súa *España Sagrada*⁸⁵ identificou co lugar de Torroña (Concello de Oia, parroquia de Burgueira, con restos dun castelo), opinión que compartiron outros autores como Ávila y la Cueva, Rey Iglesias, Domínguez Fontela e Rodríguez Otero⁸⁶. Marcelo Macías e Casimiro Torres pensaron, pola contra, que se trataba do *Turoqua* do *Itinerario de Antonino*, o que lles levou a situalo en Tourón, preto de Ponte Caldelas⁸⁷, e Fernández Rodríguez identificouno primeiro

⁸³ Atribuída tradicionalmente a San Valerio do Bierzo aínda que os estudos máis recentes (Díaz y Díaz) o cuestionan. A cita en DÍAZ y DÍAZ (1974), p. 117.

⁸⁴ *Historia Compostelá*, Lib. I, cap. XV. Así o pensa FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004)[1951], p. 26, quen, con todo, mantén a identificación do Turonio do *Parochiale* con Torroña (Oia). Ambrosio de Pina sitúao en Tourém (Montalegre, diocese de Braga), opinión que non rexeita completamente Cardoso (véxase CARDOSO / PINA (1978), pp. 9 e 45), e identificouse tamén co de Montelios (Braga). Outra posibilidade é situalo no monte Aloia, na bisbarra de Tui, interpretando nun sentido literal a voz *praecipuum* da *Vita* frutuosiense (*praecipuum*=“situado nunha cima”), véxase GARCÍA ORO (2002), p. 547.

⁸⁵ Vol. XXII (1767), p. 183: *Este nombre de Toroño o Turonio, denota el territorio de Tuy desde el Miño arriba, cogiendo desde el confín de Portugal acia el Norte de Oya, entre el qual Monasterio de Oya y Tuy fue Turonio, donde hoy Torroña, más cerca de Oya que de Tuy.*

⁸⁶ Véxase ÁVILA y LA CUEVA (1995) 852-54 vol. II, cap. XXX, pp. 559 ss., REY IGLESIAS (1917), DOMÍNGUEZ FONTELA (1921) e RODRÍGUEZ OTERO (2001).

⁸⁷ Véxase MACÍAS y GARCÍA (1921), p. 352 e TORRES RODRÍGUEZ (1977). *Turoqua*, ou *Turoquia*, *Turoquio*, *Turoca*, dependendo das versións, é no *Itinerario* a cuarta mansión da vía XIX de Braga a Astorga por Tui, situada entre Burbida e Aquis Celenis, pero a súa identificación con Turonio parece imposible

con Toroña, lugar da parroquia de Entenza (Salceda de Caselas), onde quedan tamén restos dun castelo, ou con Troña (Pontearreas), aínda que máis tarde se adheriu tamén á tese de Torroña⁸⁸.

Nestas primeiras referencias documentais, Toronio aparece como unha localidade, un lugar concreto. Con todo, na documentación posterior á invasión musulmá Toroño é un territorio extenso, unha “terra” que desde o século X serve de marco de referencia para situar lugares desde Baiona a Redondela e desde Salvaterra á Guarda.

En 915 o rei Ordoño II dóalle a Recaredo, bispo de Lugo, o mosteiro de Labrugia e o lugar de Benevivere (actual Bembrive, Vigo) *in Turonio*⁸⁹, e en 942 San Rosendo ao fundar o Mosteiro de Celanova déixalle asignados entre outros bens *in Tornio Sancta Eolalia cum Sisnandi et Gerasio medio*⁹⁰. En 1126 (Carta de doazón do mosteiro de Budiño a Cluni)⁹¹ aparece a primeira mención á *terra* de Toroño (*in terra Tu-*

xa que, ademais dos problemas etimolóxicos, Tourón está fóra do territorio de Toroño. Outros autores, como Fernandes de Almeida, non se atreven a precisar un lugar concreto e sitúano xenericamente no distrito de Toronho (Vigo) (FERNANDES (1997), p. 79).

⁸⁸ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004)[1951]. Na súa tese de doutoramento (1951) apuntaba as dúas primeiras posibilidades, pero na versión corrixida que levou á imprenta en 2004 (pp. 25-25) pasouse á tese de Torroña, desmontando as obxeccións etimolóxicas que Marcelo Macías presentara na súa polémica historiográfica de 1923 co cónego de Tui, Juan Domínguez Fontela.

⁸⁹ ... *simul in Turonio Benevivere dictam etiam, et parata in ripa Minos cum suos villarinos* (véxase FLÓREZ (1747-1879), vol. XL, p. 397 e ÁVILA y LA CUEVA (1995) 852-54 vol. II, p. 560). Sobre o documento: SÁNCHEZ BELDA (1953), doc. Nº 26, pp. 36-37.

⁹⁰ Segundo ÁVILA y LA CUEVA (1995) 852-54 vol. II, cap. XXX, p. 560, trátase de Santa Baia de Donas en Gondomar, pero a identificación non parece posible porque a igrexa de Donas non se fundou ata o século XII (no bispado de Tui hai polo menos media ducia de igrexas dedicadas a Santa Baia).

⁹¹ Véxase o noso Apéndice documental I, doc. nº 1.

ronii) que posteriormente se converterá en referencia inevitable nos documentos á hora de situar castelos, igrexas, mosteiros e localidades da zona⁹².

Desde finais do século XI Toroño é sempre unha *terra*, e son centenaes os documentos nos que se alude a ela ou aos seus señores, xuíces, meiriños etc. A principios do século XII Xán Moñiz dóalle ao mosteiro de Vilaza a vila de Varrío *in terra Toronio*, en 1145 para situar a igrexa de Tex (Teis, Vigo) dise que está *in Toronio, in terra de Fragoso*, a ermida de San Cosme en 1130, o castelo de Santa Helena en 1179, o couto de Castro Caldelas en 1301, os castelos de Sobroso e Tebra..., todos aparecen situados polos documentos *na terra de Toroño*⁹³, en ocasións especificando algunha das sete *terras* menores, cada unha co seu subtenente, nas que se dividía tan amplo territorio (Miñor, Sobroso, Louriña, Novoa, San Martín, Fragoso e Taraes).

Hai polo tanto que concluír con Pascual Galindo que, polo menos na Baixa Idade Media, *no se ha de hablar de Turonio como castillo sino como región y que Turonio designa toda la tierra del obispado de Tuy no sometida al señorío episcopal*, aínda que é lóxico pensar que tivo que existir un lugar concreto, un *castra* ou *opidum* chamado Turonio, que pola súa importancia na época baixoromana e suevo-visigótica acabou por lle dar nome a todo o territorio no que se atopaba.

O que resulta practicamente imposible é precisar a localización concreta do Turonio-localidade. As dúas opcións

⁹² FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), pp. 34 ss, reúne documentos dos séculos XIII-XIV nos que case un centenar de lugares se identifican por estar na terra de Toroño.

⁹³ Véxanse referencias en GALINDO ROMEO (1923), pp. 30-31 e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), pp. 34 ss.

máis probables son Torroña (Burgueira, Oia), e Toroña (Enzenza, Salceda de Caselas). A favor da tese que o identifica con Torroña xoga a súa situación próxima á costa, que coincide coa mención de Idacio (*Turonio in litore Gallaeciae*), e en contra os escasísimos restos arqueolóxicos atopados na zona, mentres que a favor de Toroña apunta a existencia dun castelo no lugar, amplamente documentado ata a súa destrución por orde dos Reis Católicos, e a maior abundancia de restos arqueolóxicos, pero está en contra a súa distancia do mar, aínda que non así do Miño, perfectamente navegable ata esa zona. Filoloxicamente, ambas as opcións son igualmente posibles, e nos dous casos a súa situación en lugares elevados indica unha orixe dos topónimos na raíz oronímica prelatina *TUR- *TOR-.



Tremís de Recaredo (c. 586-88) que pertenceu á colección de Manuel Vidal Quadras e Ramón (Barcelona). Paradoiro descoñecido. Gravado de Louis Dardel en HEISS (1872), Pl. III n.º 40.

O goberno de Toroño

Cando na documentación medieval se fai referencia a unha *terra*, enténdese un territorio cunha xurisdición única, un distrito administrativo cuxos habitantes acudían ao seu tenente

ou señor para a administración de xustiza. Para o caso galego-portugués, sinalouse a posible orixe das *terras* na época baixoromana, designando o alfoz dunha *civitas* e o territorio no que exerce a súa autoridade un maxistrado, sendo xeralmente admitido que as *civitas* romanas son a orixe das dioceses medievais, de modo que non pode estrañar a coincidencia de límites entre a terra de Toroño e a diocese tudense e, á súa vez, a correspondencia do límite norte da diocese de Tui co do antigo *conventus bracarensis* romano.

No caso de Toroño, a documentación dos séculos XII-XIV fai repetidas alusións aos tenentes da terra (*Tenentem terram, Príncipe terrae, Señor de Toronio, Dominus terrae, Ricome en Toronio...*) e aos xuíces e meiriños que administraban a xustiza⁹⁴. O primeiro dos señores de Toroño que temos documentado é Raimundo de Borgoña, que ademais de Conde de Galicia foi tamén *comite in Thoronio* (1097)⁹⁵. Sucedeulle o conde Gómez Núñez, doador do cenobio de Budiño a Cluni, o que levou a falar da existencia dun condado de Toroño. Parece, con todo, que non existiu tal cousa. Toroño é unha xurisdición –nalgún caso denomínaselle *bailía*⁹⁶– a cuxa fronte o rei coloca un señor que pode ser ou non conde. De Raimundo non se di que fose conde de Toroño, senón *in Thoronio*, e no caso de Gómez Nuñez, consta que era *tenente terrae* e *dominus terrae* de Toroño polo menos desde 1118, e titúlase conde, pero de Tui, (*comes Tudensis*)⁹⁷ e cando se

⁹⁴ Véxase GALINDO ROMEO (1923), p. 31. A expresión *Ricome* deriva probablemente do xermánico *rik* (poderoso).

⁹⁵ Documento de 5 de agosto de 1097 que relata as contendas entre os veciños de Vigo e os de Canadelo: *Erat Raimundus comite in Thoronio, uigario Iohanne Ramiris* (AHN, Clero Melón carp. 1437 nº 3, transcribiuno, suprimindo parte das sinaturas e con numerosos erros, SANTIAGO GÓMEZ (1896), p. 116, corrixido e completo en FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), apéndice, doc. nº 1).

⁹⁶ ... a *abaylia de Toronno*, 1325, testamento de Afonso Yáñez Torrichano.

⁹⁷ Véxase BARTON (2002), p. 256, notas 7 e 8.

fai referencia a Toroño é como xentilicio e non en relación ao título (*Comes gomes de toronio cf.*, di a súa sinatura nun documento de 1131)⁹⁸.

Tras o afastamento de Gómez Núñez da vida pública galega en 1141, sucédelle na tenencia de Toroño o seu xenro Fernando Yáñez, señor da Limia, cabaleiro da corte de Afonso VII e posuidor de varias tenencias pero non conde, polo menos ata logo da conquista de Almería (1147), cando segundo o Pai Gándara foi nomeado Conde de Monteroso⁹⁹.

A Fernando Yáñez, sucédeulle o seu fillo Pelaio Curbo, documentado desde 1126 cando a súa sinatura aparece na confirmación da doazón do couto de Budiño a Cluni (*Pelagius Curbus conf.*)¹⁰⁰ En 1155 tiña o goberno de Toronio segundo se afirma nun documento de venda procedente de Oia, (*Tenente Toronio pelagio curvo...*)¹⁰¹.

De novo un conde, Armengol VII de Urgell, aparece como tenente de Turonio en 1170 e en 1173 *comite urgelense prin-*

⁹⁸ Privilexios dados por Afonso VII aos oficiais da obra de Santiago (A.C.S., cartafol doc. II, nº 2, 18 de marzo de 1131, editado por LOPEZ FERREIRO (1898-1909), vol. IV, apéndice, pp. 16-17).

⁹⁹ GÁNDARA y ULLOA (1662), p. 162. Gándara baséase nunha escritura do ano 1150 na que aparece a sinatura: *Comes Ferdinandus Joannes tenens Mu...* (ílexible). Sobre Fernando Yáñez véxase ÁVILA y LA CUEVA (1995)[1852-54], vol. II, cap. XXX, pp. 564-65 e BARTON (2002), pp. 36-7.

¹⁰⁰ A confirmación de 1142 no noso Apéndice documental I, doc. nº 3. Aparece tamén en 1137 e 1142 testificando en documentos do Mosteiro de Oia e consérvase o seu testamento (1158), unha escritura de compra (1159) e un par de cartas de doazón que fixo coa súa muller María García (1160 e 1165). Véxanse os documentos en FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), apéndice, números 3, 5, 6 e 7.

¹⁰¹ O documento de 1155 en PORTELA SILVA (1976), doc. nº 3, p. 356. Pelaio Curbo aparece tamén en 1160 como *tenente opidum Sancti Pelagij de Loito* (Castelo de Pontesampaio, vid. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), p. 106).

*cipe in Turonio*¹⁰², ao cal lle sucedeu outro conde, Gómez II, documentado en 1181 e 1182, un cabaleiro (Fernando Yáñez II, 1192), e así ata 1310 en que foi tenente D. Fernando Fernández de Limia, último da nómina de dezasete gobernadores do territorio dos cales se conservan datos concretos no período que vai desde 1096 ata principios do século XIV¹⁰³.

Na segunda década do século XIV desaparecen dos documentos as mencións de señores, tenentes e *princeps* de Toronio e o territorio divídese en meirindades que en xeral se corresponden coas antigas terras menores que agora se diferencian e “independizan” de Toroño. O desenvolvemento dos señoríos e do réxime municipal fixo que a figura do tenente perdese a súa vixencia e as *terras* se convertesen en circunscricións administrativas e xudiciais. Na documentación, os que abundan no século XIV son os meiriños e tamén os xuíces e sobrexuíces, existentes desde mediados do século XIII pero que agora cobran protagonismo¹⁰⁴.

Por outra banda, coa chegada da dinastía dos Trastámara prodúcese unha completa reordenación dos señoríos e o novo rei Henrique II dóalle en 1371 ao bispo de Tui, Don Xoán de

¹⁰² Documento de maio de 1170 (Arquivo Histórico Nacional, Clero 5297) e documento de marzo de 1173 (J. González, *Regesta de Fernando II*, Madrid, 1943, p. 427).

¹⁰³ O catálogo de tenentes iniciouno AVILA y LA CUEVA (1995)[1852-54], vol. II, cap. XXXX, con datos dos arquivos de Tui e Oia, e completouno FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004)[1951], pp. 71-181 cos procedentes dos fondos de Melón que La Cueva non utilizara.




¹⁰⁴ Véxase, a modo de exemplo, un documento de Oseira de 1363: *Gonçalvo Affonso alcalde del rey et meirino das meirindades de Toronno et d’ Orsellon, Johan Affonso meirino polo dito Gonçalvo Affonso* e outro de Tui de 1394: *...estando Pay surredia de souto mayor et meyrino de Toronno enna çidade de Tui enna craustra da iglesia...* Notable é tamén a nómina de nomes conservados de notarios de Toroño (véxase, para o período (1264-1334), FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), apéndice I).

Castro, e á súa igrexa, o castelo de Entenza, que neses momentos era de propiedade real, e as posesións de Suero Yáñez (A Guarda, Redondela e o *coto de Coya con su baylia [...] que fueron de la orden del temple, de que nos haviamos fecho merced del dicho Suer Yañes*)¹⁰⁵. Previamente, o castelo de Santa Helena foralle doado ao bispo de Tui por Fernando IV e a zona de Ribadavia escindírase da xurisdición, co cal Toroño desaparece como entidade xurídica e administrativa.

Aínda no século XV se segue facendo referencia ao topónimo na documentación da orde dos Hospitalarios de San Xoán, quen tiveron unha Encomenda de Toroño, pero no século XVI esta incorporouse á de Ribadavia e máis tarde á de Beade, desaparecendo a denominación dos documentos e perdéndose ata a súa memoria¹⁰⁶.

¹⁰⁵ Diploma expedido nas Cortes celebradas en Toro (Zamora); transcríbeo, extractado, GALINDO ROMEO (1923), apéndice pp. XXVI e XXVI, doc. nº XXIV.

¹⁰⁶ Véxase FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), pp. 209-10.



o
ñ
U
n
d
p
p
r
d
C
x

n
r
v
p
(
g
p
p
o
—


O CONDE GÓMEZ DE TOROÑO

Patrón do mosteiro de Budiño e señor da terra de Toroño, o conde Gómez Núñez foi un importante aínda que pouco coñecido personaxe galego da primeira metade do século XII. Un dos seis *comitis terrae* existentes en Galicia nas dúas primeiras décadas do século XII, descendente de pais e avós condes por ambas as ramas (Celanova e Sousa), aparece como protagonista de primeira fila en todos os conflitos dinásticos e políticos nos convulsos anos do reinado de Urraca e da minoría de Afonso VII e, posteriormente, durante a invasión do sur de Galicia polo rei portugués Afonso Henriquez, polo cal Gómez Núñez tomou ao parecer partido, o que acabou carreándolle o exilio e a perda de parte das súas posesións.

Os datos que del proporcionan as crónicas contemporáneas (a *Historia Compostelá* e a *Chronica Adephonsi Imperatoris*) son a principal fonte de información sobre a súa vida, noticias que poden completarse coas dos nobiliarios portugueses dos séculos XIII-XIV: *Livro Velho de Linhagens* (c. 1270-90), *Livro de Linhagens do Deão* e *Livro de Linhagens do conde D. Pedro de Barcelos* (c. 1340), e coas que proporcionan numerosos documentos galegos, casteláns e portugueses nos que o conde aparece como parte actuante ou como testemuña¹⁰⁷. A “biografía” máis completa de

¹⁰⁷ Véxase toda a documentación recompilada no noso Apéndice documental II.

Gómez Núñez atópase no capítulo que como tenente de Torroño lle dedica Manuel Fernández Rodríguez no seu estudo sobre a *terra de Toronium*. Con todo, desde entón apareceu nova documentación coa que pode completarse a historia da súa vida e desfacer algúns erros moi estendidos sobre a súa actuación política¹⁰⁸.



Signum de Gómez Núñez nun documento de 1138

Os historiadores portugueses desde o conde de Barcelos, e algúns galegos como o Pai Gándara, chámanlle xeralmente Gómes Nunes de Pombeiro por terse enterrado nese mosteiro portugués ao que legaría parte dos seus bens. É tamén frecuente na historiografía portuguesa consideralo irmán de Afonso Núñez, fillo en realidade do conde Nuño Velázquez e curmán segundo, xa que logo, de Gómez Núñez¹⁰⁹.

¹⁰⁸ Véxase FERNANDEZ RODRÍGUEZ (2004)[1951], pp. 71-91. Sobre a súa biografía e actuación política véxase tamén ÁVILA y LA CUEVA (1995)[1852-54], vol. II, cap. XXX, pp. 562-564; BISHKO (1965), pp. 328-331 e BARTON (2002)[1997], pp. 60, 116, 117, 127, 130, 136, 176, 256. Correcta tamén a páxina dedicada ao Conde na wikipedia en inglés, baseada nos datos de Bishko, Reilly e Barton: <http://en.wikipedia.org/wiki/Gómez_Núñez>.

¹⁰⁹ Véxase MATTOSO (1982), pp. 118-119.

D. Gómez foi fillo do conde Nuño Méndez (ou Menéndez) de Celanova e da portuguesa Sancha Gómes de Sousa, e debeu de nacer cara a 1080. A identidade dos seus pais parece clara polas noticias do Conde de Barcelos no seu *Livro de linbagens* (c. 1340, título 22), e porque o seu irmán Fernando Gómez afirma en decembro de 1127 ser fillo do conde Nuño Méndez e neto de Dona Gonciña (*auola mea comitissa donna gonciana et patris mei comitis nunonis midiz*). Ademais, o propio Gómez di nun documento de 1138 que a herdade que lle doa ao mosteiro de Celanova a tiña *de parte comitisse domna Goncina quae fuit mater de pater meus*, é dicir, a nai de Nuño Ménendez de Celanova (véxase cadro xenealóxico)¹¹⁰.

A primeira noticia documental que del temos é de 1094 cando, aínda adolescente, aparece confirmando unha doazón de Raimundo de Borgoña á Sé de Coimbra, á que lle entrega o mosteiro de Vaccariça (*Gumece Nunes conf.*)¹¹¹. Dous anos máis tarde aparece de novo a súa sinatura na Carta foral que o conde D. Henrique de Borgoña concedeu á vila portuguesa de Constantim de Panóias (Vila Real)¹¹². Volvemos atopalo en marzo de 1110 cando consta que era tenente do castelo de San Cristovo, preto de Vilanova da Cerveira (Por-

¹¹⁰ O documento de 1127, procedente do Arquivo da Catedral de Ourense, en CASTRO MARTÍNEZ SUEIRO (1921-23), pp. 15-16). BARTON (2002) [1997], p. 256, nota 2 propón identificalo co conde Nuño Méndez de Portucale, descendente da familia de Vimara Pérez que morrera en 1071 na rebelión contra o rei García I de Galicia (*Chronica Gothorum*, ed. P. David, p. 298). Con todo, iso obrigaría a adiantar o nacemento de todos os seus fillos antes de 1071, o que resulta imposible, de maneira que Nuño Méndez de Celanova non pode ser o Nuno Mendes que se rebelou contra García falecendo na batalla de Pedroso.

¹¹¹ O documento en BRANDÃO (1632), III parte, libro VIII, cap. 7, p. 16 e (1944)[1632] pp. 49-50.

¹¹² PINTO DE AZEVEDO (1940), Vol. 1, doc. Nº 30, p. 108; BRANDÃO (1632), III parte, libro VIII, cap. 8, pp. 51-52 e (1944)[1632], pp. 124-125.

tugal)¹¹³, e como señor de *Sancti Christofori* aparece confirmando en 1111 unha doazón de D^a Tareixa a Fromarigo Guterres¹¹⁴ e a carta foral que o infante D. Henrique lle concedeu á vila de Certá¹¹⁵. No mesmo ano asina tamén a foral de Coimbra, pero neste caso non se fai alusión á tenencia de San Cristovo¹¹⁶.

Un ano máis tarde (12 de abril de 1112), foi nomeado mordomo de palacio polo conde portugalense Henrique de Borgoña (*Ego Gomizo Nuniz maiordomus palatji ipsius comitis conf.*)¹¹⁷ e no mesmo mes de abril asina como testemuña na venda de D^a Tareixa a Froila Spaici da igrexa de Sta. Leocadia na terra de Baião¹¹⁸. O cargo de mordomo era o de maior rango na corte condal portuguesa e proba a confianza que lle tiñan o Conde Henrique e a súa muller, Tareixa de León, baixo cuxa rexencia seguiu Gómez exercendo o seu cargo ata 1114¹¹⁹.

¹¹³ PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, doc. nº 17. Carta do couto do mosteiro de Tibães (25 marzo de 1110: *Gomz Nuniz continens Sancti Christofori conf.*)

¹¹⁴ 1110, 24 xullo: *Gomiz Nuniz continens Sancti Christofori conf.* PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, doc. nº 20.

¹¹⁵ Carta foral de Certá/Satão, 9 maio de 1111. Véxase BRANDÃO (1632), fol. 47 e (1994)[1632] p. 116, e PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, doc. nº 24: *Gomiz Nuniz continens Sancti Christophani conf.*

¹¹⁶ Carta foral de Coimbra, 26 de maio de 1111. Texto en BRANDÃO (1632), apéndice, fol. 282 e (1994)[1632], pp. 287-288, e PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, doc. nº 25.

¹¹⁷ PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, doc. nº 30 (pp. 40-41), reproducido en facsímile na *Historia de Portugal*, ed. Damião PERES, Barcelos, 1928-35, vol. I, p. 495.

¹¹⁸ 20 abril 1112. Documento procedente do cartulario do mosteiro de Ancede, incluído no de Santo Domingo de Lisboa (véxase BRANDÃO (1632), fol. 55v e (1994)[1632], pp. 166-6, RIBEIRO (1857), p. 108 e PINTO de AZEVEDO (1958-62), Vol. I, doc. nº 32 e Vol. I Tomo II, pp. 570-76 onde argumenta que a data do documento debe de ser errónea xa que sería de 1117.

¹¹⁹ Se aceptamos que a morte de Henrique tivo lugar en 1112, como afirman Herculano e o *Cronicon Lusitanum*, aínda que outros (Ribeiro) afirman que morreu en 1114.



Castelo de Sobroso (Vilasobroso, Mondariz)

En novembro de 1115 atopámolo en Galicia asinando como testemuña nunha doazón da raíña Urraca á catedral de Santiago, e entón adxudícaselle por primeira vez o título de Conde (*Gomez Nuniz comes cf.*)¹²⁰. No conflito entre a raíña e Pedro Fróilaz de Traba, aio do príncipe Afonso Raimúndez –proclamado rei de Galicia en 1109 e coroado en Compostela en 1111–, Gómez Núñez aliñárase, a finais de 1115 e 1116, cos afonsorraimundistas fronte á raíña Urraca, e é neste momento cando o retrata o autor da *Historia Compostelá* como un nobre *que apoiaba ao rei neno e era rebelde á raíña, poderoso pola situación e fortificación dos seus castelos e pola multitude de soldados de a pé e dacabalo*¹²¹.

¹²⁰ O documento de 26 de novembro de 1115 atópase no Tombo A da Catedral de Santiago (fol. 31v), transcríbese LÓPEZ FERREIRO (1898-1909), vol. III, apéndice pp. 104-105. Como conde asina tamén na venda da igrexa de Santa Leocadia (10 de maio de 1112: *Comites Gomeze conf.*), pero a data do documento foi cuestionada e probablemente sexa de 1117 (véxase nota 117).

¹²¹ *Historia Compostelá*, Lib. I, cap. CXI. O texto latino di: *qui fauebat regi puero et rebellabat reginae, potens situ et munimine castellorum et multitudine equitum atque peditum*. (trad. castelá en FALQUÉ REY (1994), p. 261).

O apoio a Afonso Raimúndez custoulle ver invadidas as súas terras de Toroño polo exército de Urraca en 1116, aínda que a intervención do Conde de Traba e da súa antiga patroa, D^a Tareixa de Portugal, conseguiu rexeitar os invasores que se viron obrigados a refuxiarse no castelo de Sobroso¹²². A raíña conseguiu escapar do cerco, a lenda di que por un pasadizo secreto, aínda que a *Compostelá* afirma que o seu exército a rescatou, e dirixiuse a Compostela onde intentou solicitar o apoio da poboación fronte ao arcebispo Xelmírez e os afonsoraimundistas.

Ao ano seguinte (1117), reconciliado coa raíña, testemuña en documentos de Urraca e participa na represión da revolta popular compostelá contra a raíña e o arcebispo, colaborando coas súas tropas e coas do seu sogro o conde de Traba no cerco da cidade pola parte do monte Pedroso¹²³. En 1118 formou parte coas súas hostes do exército galego de Urraca e do seu fillo Afonso que expulsou as tropas aragonesas de Afonso o Batallador das terras castelán-leonesas e proclamou en Toledo a Afonso VII como *Rex Hispaniae*¹²⁴. O mesmo ano asina, ao parecer, na concesión do Foro de Toledo¹²⁵, exerce como alcalde de Talavera de la Reina¹²⁶, e o rei Afonso recompensa os seus servizos restituíndolle a parte da

¹²² *Historia Compostelá*, Lib. I, cap. CXI. O castelo de Sobroso (Mondariz, Pontevedra), aínda que situado na terra de Toroño, era tenencia dos bispos de Tui desde 1095.

¹²³ *Historia Compostelá*, Lib. I, cap. CXVI. Véxase tamén, máis adiante, o apartado dedicado á descendencia do conde onde se explican as circunstancias do seu matrimonio.

¹²⁴ *Historia Compostelá*, Lib. I, cap. CXVII.

¹²⁵ Curiosamente asina entre os veciños de Magerit (Madrid) e quizá se trate doutra persoa, xa que non se fai mención á súa condición de conde. *Ego Gomez Nuniz iuro et conf.* (Orixinal perdido, ed. en MUÑOZ E ROMEU, Tomás, *Colección de Fueros Municipales y Cartas Pueblas de los Reinos de Castilla, León, Corona de Aragón y Navarra*, Madrid, 1847, vol. I, pp. 363-369. O Pai Fita pensa que a data é 1117, véxase *BRAH*, Tomo 8, (1886), p. 47.

¹²⁶ A sinatura: *Gomez Nuniz alca t de Talauera Cf.*, aparece nunha doazón de Afonso VII á catedral de Toledo (AHN, Códice L. 987, fol. 12r). Creo probable

herdanza familiar que, por decisión xudicial, pasara á coroa tras a morte sen fillos do seu tío Fernando Méndez (*faço carta de doação a vos Dom Gomes Nunez de todas aquellas herdades que foraõ de vossa avo[a] a Condessa Donna Gontinha e de vosso tio o Conde Dom Fernão Mendez em toda aquella terra que de mim tendes en Toronbo, (...) pello bom serviço e agradavel fidelidade que ate agora tivestes*).

A existencia desta doazón e da división da herdanza era coñecida porque se fai referencia a ela na carta de doazón do mosteiro de Budiño a Cluni¹²⁷. Ata agora dábase por perdida¹²⁸, pero consta que existiu un traslado dela no cartulario do mosteiro de Pombeiro de Felgueiras (Portugal) e, aínda que o documento de Pombeiro se perdeu nun incendio, transcribiuno íntegro en tradución portuguesa Frei Antonio Brandão en 1632, e a data (Segovia, 20 de setembro de 1118) e sinatura copiouna en latín J. P. Ribeiro a finais do século XVIII¹²⁹.

Na doazón, Afonso VII dáballe a súa palabra, ademais, de que *si Deos me der a terra, em qualque parte da qual se acharem herdades de vosos paes, que todas desde agora vos prometo*, afirmación que leva a pensar en futuras conquistas en Portugal e en referencia ás posesións da súa familia materna, os Sousas, aínda que Brandão cre que *era aquella fazenda no mesmo Reyno de Galiza, aonde estauão muitas terras sogeitas a Portugal*.

que se trate do Gómez Núñez de Madrid do Foro de Toledo (véxase nota anterior) e que quizá non sexa Gómez Núñez de Toroño como supuxo Reilly e aceptaron Barton e outros autores, aínda que neste caso asina entre os nobres galegos (véxase o noso Apéndice documental II, doc. nº 17).

¹²⁷ 26 de xullo de 1126, apéndice documental I, doc. nº 2

¹²⁸ Véxase BISHKO (1965), p. 327.

¹²⁹ Véxase o noso apéndice documental II.

A alianza co novo rei parece sólida pero en 1120 renóvase o conflito entre Pedro Fróilaz e Afonso coa súa nai Urraca, e é neste contexto no que hai que interpretar a alianza de Gómez Núñez con Dona Tareixa de Portugal á que axuda a facerse coas prazas de Tui e Ourense e outros territorios ao norte do Miño¹³⁰. Nos anos seguintes (1120-1125) Gómez Núñez desaparece practicamente da política galega –a súa única intervención coñecida nesta etapa é a asistencia en 1121 a unha asemblea convocada por Xelmírez en Compostela para confirmar o pacto de 1115–¹³¹ e volve a Portugal, onde a súa sinatura reaparece nos documentos da condesa D^a Tareixa co resto dos *Baronum Portugalensium*. Como o primeiro deles asina o 5 de abril de 1122 de testemuña no pacto entre os bispos de Coimbra e Porto, e confirma tamén, entre outros moitos documentos, os privilexios que D^a Ta-



Suposto sartego do conde Gómez Núñez na igrexa do mosteiro de Pombeiro de Felgueiras (Portugal). Foto: Víctor Manuel Riveiro.

¹³⁰ Véxase BISHKO (1965), p. 329 e REILLY (1982), p. 192.

¹³¹ *Historia Compostelá*, Lib. II, cap. XLII. Véxase tamén LÓPEZ FERREIRO (1898-1909), vol. IV, pp. 45-46.

reixa lle concedeu en febreiro de 1122 á cidade e ao bispo de Ourense (*Comes Gomez uidit et conf.*)¹³², a Carta Foral de Ponte de Lima (1125, *Comes Gomizoni confir.*) e unhas doazóns á catedral de Tui (1125, *Ego Comes Gomez conf.*)¹³³.

O de Toroño inclínase de novo nestes anos polo bando portugués pero, tras a morte de Urraca e o encontro de Ricobayo (marzo de 1126)¹³⁴ entre D^a Tareixa e Fernando de Traba co novo rei leonés, Afonso VII, Gómez confirma a súa obediencia a Afonso e xúralle lealdade co resto da nobreza galega na asemblea de Zamora:

*Garsia Enequici, qui tenebat Ceiam, Didacus Munionis de Saldania, Rodericus Vele comes Galletie, qui tenebat Sarriam, comes Guterrius, frater comitis Suarii, qui in Galletia cum rege pacem fecerat, necnon et filii Petri Froile consulis, in quibus fuit Rodericus, qui postea ab illo factus est consul, necnon Velasco uero et Garsia et Vermutus, qui maximos honores in Galletia tenebant, et comes Gomez Munici et Fredinandus Iohannis cum archiepiscopo Compostellane sedis domno Didaco, multisque aliis episcopis et abbatibus Galletie ad regem uenerunt et in Zamora suplici deuotione se illius imperiis subdiderunt. Similiter et omnis Extremitas, que trans flumen Dorii habitatur, imperio regis manibus ducum tradita est*¹³⁵.

¹³² O documento editado en CASTRO MARTÍNEZ SUEIRO (1921-23), pp. 12-13, e PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, nº 60.

¹³³ BRANDÃO (1632), Libro IX, fols. 69 e 80v-81r. Todos os documentos portugueses nos que aparece a sinatura do conde, en PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, pp. 5, 23, 25, 26, 27, 31, 33, 41, 46, 54, 67, 43, 73, 76, 86, 88, 89, 99 e 111 (véxanse as referencias concretas no noso Apéndice documental II).

¹³⁴ *Chronica Adefonsi Imperatoris* I, 5. Urraca morreu en marzo de 1126, probablemente o día 8, aínda que as fontes discrepan sobre o día exacto.

¹³⁵ *Chronica Adefonsi Imperatoris* I, 5. Véxase sobre o asunto REILLY (1982), p. 163 e BARTON (2002) 997 p. 127.

Con todo, o acordo de Ricobayo non rematou coas hostilidades entre Afonso VII e o seu curmán portugués, o infante Afonso Henríquez. A nai deste, D^a Tareixa, en conflito tamén co seu fillo, seguía conservando a zona de Tui e a Limia e, de crer ao Conde de Barcelos e ao Pai Brandão, o infante desposuíu a Don Gómez dos bens que tiña en Portugal entregándollos ao seu curmán o conde D. Gonzalo de Sousa¹³⁶. Non está claro se a incautación foi a consecuencia ou a causa da rebelión de Gómez¹³⁷, e quizá a compensación de Afonso VII por esta perda foi a entrega ao conde das propiedades do traidor Arias Pérez¹³⁸.

Nestes momentos os intereses de Gómez Núñez oriéntanse cara ao norte e cara ao partido de Afonso VII, e neste contexto hai que situar a doazón do mosteiro de Budiño á orde de Cluni (xullo de 1126), tradicional aliada da monarquía leonesa e favorita de Afonso VII. Na década seguinte, o conde aparece de novo na documentación galega, non só como testemuña de documentos reais¹³⁹, senón tamén exer-

¹³⁶ Véxase AFONSO (1646)[1340], tit. 22, pp. 134 e 139 e BRANDÃO (1632), Libro IX, fol. 113v. Tamén frei Leão de São Tomás se fai eco da incautación (SÃO TOMÁS (1644-1651), vol. II cap. IX, p. 54) afirmando que a doazón foi coa condición de que á súa morte pasasen ao mosteiro de Pombeiro, fundación da familia (D. Pedro de Barcelos di que testou a favor de Pombeiro).

¹³⁷ Trataríase da causa da rebelión do conde segundo BRANDÃO (1632), Libro IX, p. 112v e PASCUA ECHEGARAY (2002-2003), p. 174. A data da incautación non está clara, e para algúns sucedeu en 1141.

¹³⁸ A *Historia Compostelá*, Lib. II, cap. LXXXIV di que Afonso lle encargara a represión do movemento de nobres galegos rebeldes, encabezados por Arias Pérez, ao arcebispo Xelmírez e ao *conde don G., a quen concedera todo o señorío do citado traidor*, conde G. que para Suárez-Campelo sería Gutierre Bermúdez, conde de Montenegro, pero que podería ser en realidade Gómez Núñez, como xa mantiveron López Ferreiro e Herculano.

¹³⁹ Confirmación do couto de Santiago en 1127, doazón de Vilanova en 1128, concesión de Mérida a Santiago e rescate da herdade de Gómez Cid en 1129, e varios máis nos anos seguintes (1131, 33, 35, 36, 37 e 38), véxase o noso apéndice documental II, e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (2004), pp. 84 ss.

cendo a súa autoridade nas terras de Toroño: a documentación preséntao como *dominus terrae* ou *tenens terrae*¹⁴⁰ e el mesmo asina como *Comes gomes de toronio*, nun documento de 1131¹⁴¹ e como *comes Tudensis* en dous de 1138¹⁴². Veuse afirmando que a tenencia de Toroño a recibiu o conde nestes momentos (1129-31)¹⁴³, pero o documento da doazón de Afonso VII a Gómez en 1118 xa se refire á *terra que de mim tendes en Toronbo*¹⁴⁴.

A condición de señor fronteirizo obrigouno a ser parte do conflito entre Tareixa e o seu fillo Afonso Henríquez, cuxos partidarios derrotaron a raíña-condesa na Batalla de San Mamede (1128), retirándose Tareixa e Fernando de Traba ao norte do Limia e abandonando practicamente, tras a morte de Tareixa en 1130, os seus intentos de consolidar un Condado Portucalense ligado a Galicia e independente dos territorios de Afonso Enríquez, quen sela unha alianza co papado e é proclamado rei de Portugal polas súas tropas en 1139 tras a importante vitoria de Ourique contra os almorávides¹⁴⁵.

¹⁴⁰ *Chronica Adefonsi Imperatoris* I, 74 (*Comes vero Gomes Nunni qui tenebat castella multa et terram dicunt Torogno*).

¹⁴¹ Privilexios dados por Afonso VII aos oficiais da obra de Santiago (A.C.S., cartafol doc. II, nº 2, 18 de marzo de 1131, editado por LOPEZ FERREIRO (1898-1909), vol. IV, apéndice, pp. 16-17).

¹⁴² AHN, Clero, 55613., véxase BARTON (2002), p. 256, notas 7 e 8, e *Libro de privilexios da Orde de San Xoán*, documento de 4 de febreiro de 1129: *comes Gomez de Torronio confirma* (ed. AYALA MARTÍNEZ, (1995), pp. 169-70).

¹⁴³ Véxase BARTON (2002), p. 256, nota 7.

¹⁴⁴ Véxase máis arriba a p. 2 e o doc. Nº 1 do apéndice documental II.

¹⁴⁵ A historiografía portuguesa mantivo tradicionalmente, seguindo a BRANDÃO, que a proclamación sería confirmada por unhas cortes reunidas na igrexa de Santa Maria de Almacave, en Lamego, a finais de 1139 ou principios de 1140, e o rei coroado polo arcebispo de Braga, D. João Peculiar. Con todo, a crítica actual demostrou que a suposta copia das Actas das Cortes de Lamego utilizada por Brandão é apócrifa.

Desde 1126 Gómez Núñez fora un leal vasalo e ocasional cortesán de Afonso VII, pero cara a 1140 súmase á revolta de Rodrigo Pérez de Traba “O Velloso” contra o rei leonés e facilítalles a toma de posicións no sur de Galicia ás tropas do rei portugués Afonso I (Afonso Enríquez). Derrotadas estas por Afonso VII en Valdevez (1141), o conde viuse forzado a cruzar os Pireneos e a buscar refuxio no mosteiro de Cluni, ao cal algúns anos antes favorecera coa doazón de Budiño. Así o afirman a *Chronica Adefonsi Imperatoris (fecit se monachus in monasterio Cluniacensi)*¹⁴⁶ e outras fontes dos séculos XIII-XIV como os portugueses *Livro velho de linhagens* (c. 1270-90) e *Livro de Linhagens do Deão* (c. 1340): *E este conde don Gomes de Pombeiro foi esherdado dos da geraçom, e foi despois frade na França, en Ermego*¹⁴⁷.

É certo que a *Chronica* confunde as datas da “traizón” dos condes galegos situando en 1137-38 uns acontecementos que tiveron lugar probablemente en 1140-41¹⁴⁸, e os mestura ade-

¹⁴⁶ *Chron. Adef. imp.*, I, 87: *...et rex abiecit a se comitem Rodericum et comitem Gomez Nunnii, pro eo quod ipsi inmiserant discordiam inter imperatorem et regem. Comes Gomez Nunii, ut cognovit se esse reum, verecundatus est, et transiens fugiendo montes Pirineos, vellet nollet, quia non erat ei locus ad habitandum, fecit se monachus in monasterio Cluniacensi.* [...o rei [de Portugal] afastou ao conde Rodrigo e ao conde Gómez Núñez xa que eles provocaran a discordia entre el e o emperador. O conde Gómez Núñez admitiu a súa culpa e arrepeniuse, e fuxindo a través dos Pireneos, pois non había lugar para el en Hispania, fíxose monxe no mosteiro de Cluni].

¹⁴⁷ *Livro velho de linhagens*, 15, ed. PIEL / MATTOSO (1980), 7A3, p. 125. Os datos da *Chronica Adefonsi* séguenos Sandoval, Salazar e Castro e o Pai Flórez, e con eles xeneralizouse o relato de Gómez Núñez morto santamente en Cluni. Sobre o asunto véxase tamén SEGL (1974), pp. 170-74.

¹⁴⁸ Desde BOTELHO DA COSTA VEIGA (1940), adoita aceptarse a data de 1140 para a campaña de Cernesa e 1141 para a vitoria de Valdevez. Da Costa distingue dúas etapas no conflito. En 1137 tería lugar unha primeira campaña na que Afonso Henríquez se apoderou de Tui, onde acudiu Afonso VII desde Zamora. Serían os feitos que relata a *Historia Compostelá* que terminaría coa Paz de Tui de 1137 (documento hoxe perdido pero publicado por PÉREZ / ESCALONA (1782), p. 528). En 1140 tería lugar a traizón dos condes Gómez Núñez e

mais con datos dunha rebelión anterior¹⁴⁹, o que levou a cuestionar a existencia dunha colaboración de Gómez Núñez con Afonso Henriques¹⁵⁰. Con todo, o relato da fuxida a Cluni parece demasiado real como para ser completamente inventado, aínda que a súa estancia alí debeu de ser moi curta de acordo co testemuño de Brandão que afirma ter visto no cartulario de Pombeiro o testamento de Gómez Núñez, outorgado en 1141, no cal o conde manifestaba acharse de volta en Portugal, restituído nos seus dereitos territoriais pola paz entre os reis de Portugal e Castela-Léon, e expresaba o seu desexo de ser enterrado no mosteiro de Pombeiro, fundación dos seus maiores por liña materna, ao que legaba as terras que posuía en Portugal¹⁵¹.

Este regreso de Gómez Núñez á Península debeu de ir acompañado da súa reposición na tenencia de Toroño. Sa-

Rodrigo Pérez que relata a *Chronica Adefonsi imperatoris*. A batalla de Cernesa non sería en 1137 senón en 1140, aínda que as operacións bélicas se interromperon, porque o rei portugués tivo que acudir a defender Leiría, e renováronse ao ano seguinte (Valdevez 1141). O problema é que a *Historia Compostelá* (III, D) fala da traizón de certo “conde” innominado en 1137 (*terram imperatori intravit et bellica manu Tudensem Civitatem violenter obtinuit et quaedam Castra furtim per quemdam comitem accepit*), de modo que habería que pensar que Gómez traizoou dúas veces ou ben que o conde é Gonzalo Pérez (expulsado a Portugal por Afonso VII). Esta interpretación explica a presenza de Gómez Núñez confirmando documentos de Afonso VII en 1137 e 1138 e a noticia de Flórez (*España Sagrada*, vol. XXII, pp. 84-85) afirmando que en 1140 Gómez Núñez usurpara o castelo de Entenza, o que levou ao bispo D. Paio a queixarse a Afonso VII, quen prometeu *vir quitar os tiranos da terra*.

¹⁴⁹ Relatada na *Historia compostelá* libro III, XXIV.

¹⁵⁰ SÁNCHEZ BELDA (1950), p. xli, nota 27.

¹⁵¹ Véxase BRANDÃO (1632), Libro IX, p. 113v. O *carteiro* antigo de Pombeiro existía aínda a finais do século XVIII cando o utilizou J. P. Ribeiro, pero se perdeu nun incendio na primeira metade do século XIX. Varios dos documentos que Brandão cita e transcribe, entre eles o testamento de Gómez Núñez, puido velos Ribeiro cara a 1798, de modo que lle podemos dar crédito á súa existencia. Quizá, como supón São Tomás, a restitución das posesións portuguesas de Gómez foino coa condición de legalas á súa morte a Pombeiro, co que se cumpriría o suposto desexo de Afonso Henriques cando llas entregou a Gonzalo de Sousa cara a 1126.

bemos que Rodrigo Pérez de Traba foi perdoado por Afonso VII¹⁵², e Gómez Núñez debeu de selo tamén, polo menos parcialmente. Quizá a viaxe a Cluni foi unha sorte de penitencia; o perdón rexio é sempre unha ferramenta de lexitimación para unha orde política reconstruída, e a *Chronica Adefonsi Imperatoris* ofrece múltiples exemplos da benevolencia de Afonso VII cos rebeldes que se lle someten, de modo que non resulta estraño que Gómez Nuñez fose rehabilitado se, como consta, se arrepeniu¹⁵³. Así se explicaría que a sinatura do conde volva aparecer nun documento de 1144, noutro de 1145 como conde e señor de Toroño en asociación co seu xenro Fernando Yáñez (*In Turonio vero comite domino Gómez et Fernando Iohannis...*, di a escritura de Oia¹⁵⁴), e noutro máis do 25 de decembro de 1147¹⁵⁵.

A partir desa data desaparece da documentación e non sabemos con exactitude cando faleceu, o cal tivo que suceder, en todo caso, antes de 1170¹⁵⁶ e probablemente cara a

¹⁵² *Chronica Adefonsi Imperatoris* I, 87.

¹⁵³ O discurso sobre a benevolencia do emperador na *Chronica* foi estudado, en referencia a outros nobres de fronteira, os Lara, por Julio Escalona (véxase ESCALONA MONGE (2004)).

¹⁵⁴ O documento transcribo FLÓREZ (1747-1879), vol. XXII, pp. 260-70. Véxase tamén ÁVILA y LA CUEVA (1995) 852-54 vol. II, p. 564. FERNANDEZ RODRÍGUEZ (2004)[1951], p. 93 argumenta que a data ten que ser errónea porque Gómez morrera en Cluni, o cal penso que non é certo, e porque aprecia contradicións entre a doazón a Oia e os datos doutro documento de 1139 que eu non vexo tan claras (véxase apéndice documental II).

¹⁵⁵ Véxase o noso Apéndice documental II.

¹⁵⁶ Consta con seguridade que estaba morto en marzo de 1170 cando Fernando II lle doou ao bispo de Tui o couto de Vilaza *quomodo habuistis in diebus Comitibus G.* [como o tivestes en tempos do Conde Gómez] (ÁVILA y LA CUEVA (1995) 852-54 vol. II, p. 564). Existiu posteriormente outro conde Don Gómez en Toroño que non hai que confundir co noso personaxe: Trátase de Gómez González ou Gómez II, bisneto do conde Pédro Fróilaz de Traba, documentado como tenente de Toroño en 1182 e 1184 (sobre Gómez II véxase ÁVILA y LA CUEVA (1995)[1852-54], vol. II, pp. 564 e 567, e FERNANDEZ RODRÍGUEZ (2004)[1951], pp. 133-136). Gómez II é o comes Gomez que confirma varios documentos do Tumbo A de 1170 e posteriores (véxase LUCAS ÁLVAREZ (1998),

1148-50. Na carta de restauración do mosteiro de Barrantes (1151) menciónase ao *Comitem Donum Gomez* pero en referencia a un primeiro intento de fundación do cenobio nos anos 30, fálase del en pasado (*qui erat Dominus terrae*) e non asina o documento, o que leva a pensar que xa morrera¹⁵⁷.

Polo que parece, cumpriuse o seu desexo de ser enterrado en Pombeiro. O conde de Barcelos afirma cara a 1340 que estaba enterrado na galilea da igrexa do mosteiro entrando a man dereita (tit. 22)¹⁵⁸, noticia que recollen algúns historiadores portugueses do século XVII como Brandão ou São Tomás, afirmando que na súa época a tumba se trasladara ao interior do templo (...*mandando se sepultar na Galile delle, aonde se conservou seu tumulo ate tempo de nossos maiores à parte esquerda da dita Galile, quando entrão pera a Igreja, & depois pello tempo a diante se tresladou pera dentro della*)¹⁵⁹.

Aínda se conservan na actualidade dúas tumbas de cabaieiros medievais á entrada da igrexa de Pombeiro e, segundo Frei António Meireles, a principios do século XIX dicíase que unha delas (a situada no lado norte) era a do conde Gómez Núñez:

documentos nº 118, 119, 121, 123, 124, 127, 128, 132, 133, 134, 135, 138, 140, 141, 142, 144, aínda que no índice do libro aparecen atribuídos a un único conde D. Gómez). A. Gómez II é o *comes Gómez* que confirma varios documentos do Tumbo A de 1170 e posteriores (véxase LUCAS ÁLVAREZ (1998), documentos nº 118, 119, 121, 123, 124, 127, 128, 132, 133, 134, 135, 138, 140, 141, 142, 144, aínda que no índice do libro aparecen atribuídos a un único conde D. Gómez)..

¹⁵⁷ A carta en FLÓREZ (1747-1879), vol. XXII, pp. 270-73.

¹⁵⁸ AFONSO (1646)[1340], tit. 22. O texto portugués di: *el Conde Gomez Nunez, que jaz em Poombeiro, na galigee aa parte dereita quando o homem ven de fora* (véxase MATOSO (1980), 22B7, p. 270).

¹⁵⁹ SÃO TOMÁS (1644-1651), Vol II cap. IX, p. 54.

Arrimado à parede da torre norte, debaixo do pórtico, está hum sepulcro da figura d'um paralelepípedo, ou caixa funeral, com grandeza capaz de receber os tristes despojos de um homem agigantado; tem gravada na tampa, a figura de um homem com barbas compridas, cabelo corredo, vestido com roupas talaes, esporas calçadas nos sapatos, e uma larga espada tomada entre ambas as mãos, coberto com manto apanhado debaixo dos braços, e deitado num pano dobrado de espaço em espaço. Crê-se que este personagem seja o conde D. Gomes Nunes mas no entanto não há documentos nem inscrições que o provem¹⁶⁰.

A atribución de Meireles non parece posible porque o estilo do sepulcro que describe apunta a unha data de execución a finais do século XIII ou principios do XIV¹⁶¹, pero iso non lle resta veracidade á tradición do enterramento de Don Gómez no cenobio, no que foi sepultada tamén probablemente a súa filla Chamoá¹⁶².

¹⁶⁰ MEIRELES (1942), p. 71.

¹⁶¹ Os documentos refírense a enterramentos de diversas épocas pero os dous conservados parecen obra dun mesmo taller que, polas súas características estilísticas e iconográficas (xesto de durminte do outro vulto), poden ser datados a finais do século XIII ou principios do XIV (véxase SANTOS (1948-50), vol. I, p. 18 e BARROCA (1987), pp. 460-461, quen propón identificar, seguindo a Manuel Luís Real, o suposto sepulcro de D. Gómez co enterramento de D. João Afonso de Albuquerque, primeiro conde de Barcelos).


¹⁶² Sobre o enterramento de Chamoá véxase AFONSO (1646)[1340], tit. 24.

DESCENDENCIA

En data indeterminada, pero antes de finalizar o ano 1117¹⁶³, Gómez Núñez casou coa moza Elvira Pérez de Traba, filla do conde D. Pedro Fróilaz de Traba, aio do rei-neno Afonso Raimúndez (máis tarde Afonso VII), e da súa segunda muller, Maior ou Gontrode Rodríguez¹⁶⁴, enlace que rubricaba a adhesión de Gómez Núñez á causa de Fróilaz/Raimúndez. Elvira tiña por entón dezaseis ou dezasete anos e D. Gómez era uns vinte anos maior que ela¹⁶⁵.

¹⁶³ Como xa notou REILLY (1982), p. 291 e nota 60, a *Historia Compostelá* (capítulo CXVI do Libro I) ao describir o cerco da cidade na segunda metade do ano 1117 di que o infante Afonso acudiu coas súas tropas *adxunto sibi pedagogo suo comite P(etrus) & filiis ejus Fredenando, Veremudo, Ruderico levirisque suis Comite Guterio & Gumiesse Nuniz, ceterisque optimatibus* [acompañado do seu aio, o conde Pedro, dos seus fillos Fernando, Bermudo, Rodrigo **e dos seus cuñados** o conde Gutierre, Gómez Núñez e outros próceres]. Texto latino en FLÓREZ (1747-1879), vol. XX, p. 246, tradución castelá en FALQUÉ REY (1994) , p. 286.

¹⁶⁴ Está moi estendida nas páxinas de xenealoxía de internet e nas da Wikipedia, a versión de Frei Mauricio Carbajo (*Cronicón sobre Santa María de Sobrado*, c. 1770) que supón, sen ningunha proba e contra toda evidencia documental e cronolóxica, que a muller de D. Pedro Fróilaz é Maior Rodríguez, filla do Conde Armengol V de Urgell e María Pérez Ansúrez de Valladolid. Con todo, a documentación conservada é moi clara, e a propia *comitissa donna Gontrode, cognomento domna Maior* (así se refire a ela o seu marido nunha escritura do *Tombo de Caaveiro* de c. 1099-1110), afirma nun documento de Sahagún (1125) que os seus pais eran o conde Rodrigo e a condesa Tareixa: *Ego Maior Ruderici, comitissa, comite Ruderici et comitisse Tharasie filia...* Sobre a liñaxe dos Traba e o seu papel na política galega véxase PALLARÉS MÉNDEZ & PORTELA SILVA (1993) , e LÓPEZ SANGIL (1996).



CADRO XENEALÓXICO

Da parella só consta documentalmente a existencia de dous fillos: Fernando e María¹⁶⁶. O home –ilexítimo segundo o Conde de Barcelos–, foi abade do mosteiro portugués de Pombeiro de Felgueiras, e a muller (nacida cara a 1130) casou segundo uns con Lourenço Viegas de Ribadouro, e segundo outras fontes con Fernando Yáñez/Joannes, máis tarde conde de Monterroso. Con todo, o *Nobiliario* do Conde D. Pedro de Barcelos (c. 1340) adxudícalle ao matrimonio tres fillas máis: Loba, Chamoá (ou Flâmula) e Urraca¹⁶⁷.

A primeira contraeu matrimonio, se cremos ao Conde de Barcelos, primeiro con Godinho Viegas e logo (en 1240) con Martín Martins. Chamoá casouse tamén en dúas ocasións, a

¹⁶⁵ O nobiliario do Conde de Barcelos (Tit. XIII) atribúelle a Elvira un primeiro matrimonio con Vell Ponce que non parece posible cronoloxicamente, salvo que fose novísima e a unión durase apenas uns meses.

¹⁶⁶ BARTON (2002)[1997], p. 256.

¹⁶⁷ AFONSO (1646)[1340], tit. 22, p. 139.

primeira co señor de Mahia (Porto), Paio Soares Zapata, e a segunda con Mem Rodríguez, señor de Tougues. Do seu primeiro marido tivo tres fillos (Pero, Paio e Ximena), e do segundo un (Suero Méndes, señor de Facha)¹⁶⁸. En canto a Urraca, casou con Fernando Yáñez (para outros este matrimonio é o da súa irmá María) e tivo con el a Pedro Fernández de Monroy.

Fundacións e patrocinios

Se a importancia político-militar dun nobre medieval se mide pola fortaleza dos seus castelos e o número dos homes que pode levantar en armas, en tanto que cabaleiro cristián se lle valora pola contía das súas doazóns á igrexa e poas súas fundacións piadosas. Gómez Núñez, como corresponde a un dos grandes da nobreza galega da época de Urraca e de Afonso Raimúndez, exerceu o seu patrocinio sobre mosteiros e igrexas e fixo doazóns a distintas ordes relixiosas. O seu *signum* (unha espada rematada cunha cruz) é proba da súa intención de pasar á posteridade como *miles christianus*.

Inevitable resultaba para un conde da época ter un capelán e sabemos que D. Gómez tiña en 1138 tres *clerici* ao seu servizo, quizá non só para atender as súas necesidades espirituais senón tamén como letrados necesarios para a administración da súa facenda. Os tres (Iohannes, Rodericus e Erus) asinan como testemuñas nunha doazón do conde ao

¹⁶⁸ A lenda romántica (Francisco da Fonseca Benevides, *Rainbas de Portugal*, Lisboa, 1878, vol. I, p. 66) atribúelle unha terceira relación co mesmísimo rei Afonso I de Portugal, de quen tería un fillo en 1140: Fernando Afonso, primoxénito real aínda que ilexítimo, e máis tarde outros. Non existe o menor apoio documental para tales afirmacións que, con todo, están moi estendidas (véxase FREITAS DO AMARAL (2000), pp. 42-44).

mosteiro beneditino de Celanova, e o primeiro deles actúa tamén como escribán do documento (*Iohannes presbiter clericus ipse comes qui notuit*). Na doazón, Gómez Núñez cédelle ao cenobio a herdade de Bustarenga *pro remedio anime mee, et pro Dei amore (...) in honorem sancti Salvatoris et omnium sanctorum*¹⁶⁹.

Consta tamén unha doazón de Gómez Núñez á orde do Temple en Portugal (1128)¹⁷⁰ e relaciónaselle coa fundación do mosteiro de Barrantes, aínda que neste caso parece que o conde máis que facer unha doazón o que fixo foi unha venda. No documento de 1138 no que Afonso VII delimita o couto do mosteiro, Gómez renuncia aos seus dereitos sobre este (*Comes Gomez eo tempore ipsam terram manu Imperatoris tenente confirmo et quantum ibi habeo dimitto*)¹⁷¹, pero un documento posterior infórmanos de que cobrara 100 marabedís pola cesión dos seus dereitos sobre as terras.

Na carta de restauración do mosteiro de Barrantes (1151) faise referencia á fundación do cenobio nos anos 30 por Suero Méndez e o bispo D. Paio e dise que entón os fundadores: *omnes rogarent Comitem Donum Gomez, qui erat Dominus terrae, et darent ei de sua pecunia, ut adjuvare eos. Ille promisit eos adjuvare, se darent ei centum marabitanos, et illis placuit, et promiserunt ei dare illos centum marabitanos*¹⁷². Parece que este tipo de doazón-venda era

¹⁶⁹ Documento de 22 de xullo de 1138 copiado no *Tombo de Celanova* (Arquivo Histórico Nacional, Códices L.986, fol. 186r), editado en ANDRADE CER-NADAS (1995), doc. nº 543, vol. II, p. 749. Véxase o noso Apéndice documental II, doc. nº 45.

¹⁷⁰ *Ego comes Gomes et uxor mea damus ibi nostra portionem de Genestazolo quantum nobis ibi pertinent*. O documento en PINTO de AZEVEDO (1958-62), vol. I, doc. nº 77, pp. 99-100.

¹⁷¹ Documento de 18 de decembro no Arquivo da Catedral de Tui (sig. 42), transcríbeo FLÓREZ (1747-1879), vol. XXII, pp. 261-62.

¹⁷² FLÓREZ (1747-1879), vol. XXII, pp. 271.

costume familiar, porque o seu irmán Fernando pactou en 1127 a entrega ao bispo de Ourense dunha sexta parte do mosteiro de Sta. M^a de Porcaria, e tras desfacerse no proemio do documento en consideracións sobre a esmola e a salvación da súa alma, cobra seis marcos de prata pola “doazón”, aínda que promete devolvelos se regresa san e salvo dunha viaxe a Xerusalén: *quod se deus me saluum atque incolumen de ierosol(imitan)is partibus reduxerit, se uobis aut successori uestro illas VI argenti marchas recuperauero*¹⁷³.

Malia súa doazón aos templarios, parece clara a súa preferencia polos beneditinos e por Cluni, orde á que realizou en 1126 a importante doazón do mosteiro de Budiño e do seu couto¹⁷⁴ e á que pertenceu tamén o cenobio de Pombeiro de Felgueiras (Portugal), ao cal o conde deixou en testamento moitos dos seus bens¹⁷⁵.

A falta de fillos con capacidade para herdar, o resto das súas posesións deberon de pasar á Coroa, e, co tempo (c. 1200), aos Templarios, os cales tiveron unha bailía en Coia (Vigo) desde a que administraron as súas posesións pontevedresas ata a forzada desaparición da orde en 1309¹⁷⁶, cando as súas terras retornaron a mans reais con Fernando IV. No ano 1360, Pedro I, en premio aos servizos prestados, concedeulle o señorío das terras de Toroño ao nobre don Suero Yáñez de Parada e nomeouno Adiantado Maior de Galicia, cargo e terras que se viu obrigado a abandonar, refu-

¹⁷³ Véxase CASTRO MARTÍNEZ SUEIRO (1921-23), p. 16.

¹⁷⁴ Véxase, máis arriba, o capítulo dedicado á fundación do mosteiro, e o documento de doazón no Apéndice documental I (doc. nº 1).

¹⁷⁵ Véxase, máis arriba, p. 5.

¹⁷⁶ Sobre a bailía de Coia e o patrimonio dos templarios en Pontevedra, véxase PEREIRA MARTÍNEZ (2006). A súa existencia só está documentada desde 1232, pero entón aparece xa como unha encomenda, polo que se supón que as doazóns comezarían a principios do século XIII.

xiándose primeiro en Tui e logo en Portugal, tras a morte de Pedro I en Montiel (1369).

O bispo de Tui, D. Xoán de Castro, a diferenza de Suero, pertencía ao bando do vencedor, o novo rei Henrique II de Trastámara, quen, nas Cortes celebradas en Toro (Zamora) en 1371, e en recoñecemento á súa lealdade, lle fixo doazón a el e á súa igrexa *por juro de heredat*, das posesións de Soro Yáñez (A Guarda, Redondela e o *coto de Coya con su baylia [...] que fueron de la orden del temple, de que nos haviamos fecho merced del dicho Suer Yañes*)¹⁷⁷. Esta doazón, precedida pola do castelo de Santa Helena que fixera Fernando IV, acabou legalmente coa terra de Toroño e cos restos da herdanza señorial de Gómez Núñez.

Actuación política

O conde Gómez Núñez responde ao tipo de nobre hispano que poderíamos clasificar como *señor de fronteira*. Moi abundantes na Idade Media peninsular onde a fronteira está sempre presente, sexa cos musulmáns ou entre os diferentes reinos cristiáns, estes nobres caracterízanse porque os seus intereses, e lealdades, oscilan a un ou outro lado da *raia*, de modo que a súa actuación se atopa sempre no límite da “traizón”, dependendo de cara a que lado se inclínen en cada momento.

Na súa época é moi similar o caso dos Lara en Castela, como máis tarde o será en Galicia e na mesma zona fronteiriza o dos Soutomaior nos séculos XIV e XV. O exemplo de Ro-

¹⁷⁷ Documento extractado en GALINDO ROMEO (1923), apéndice pp. XXVI e XXVI, doc. nº XXIV.

drigo González de Lara, oscilando sempre entre Castela e Aragón pero perdoado e rehabilitado a pesar do seu apoio ao rei aragonés Afonso o Batallador, tras humillarse ante Afonso VII e peregrinar a Terra Santa, é moi significativo polo seu paralelismo co de Gómez Núñez, o mesmo que o de Rodrigo Pérez de Traba ou o do propio rei portugués Afonso I ao que o castelán-leonés perdoou repetidas veces tras telo derrotado no campo de batalla e recibido del xuramentos de submisión (en Guimarães en 1127, por exemplo).

Gómez Núñez comeza a súa carreira política en Portugal, na corte condal dos Borgoña, e alí, no mosteiro de Pombeiro, tivo sepultura, o que levou á historiografía portuguesa a presentar en xeral ao conde desde unha perspectiva nacionalista. Gómez sería un aliado, primeiro dos condes e logo dos reis portugueses, nos seus intentos de incorporar o sur de Galicia a Portugal, unha aspiración que os monarcas lusos non abandonaron completamente ata o século XVIII¹⁷⁸.

Con todo, Gómez Núñez desenvolveu boa parte da súa actividade na Galicia de Urraca, Xelmírez e Afonso Raimúndez, e posteriormente na corte castelán-leonesa de Afonso VII. En rigor, Gómez estivo sempre ao lado da alianza Traba-D^a Ta-

¹⁷⁸ As pretensións portuguesas contaron sempre co apoio de parte da nobreza da zona e así, en 1389, Paio Sorreda, Meiriño de Toroño, e outros cabaleiros entregáronlles a cidade de Tui aos portugueses, aínda que foi devolta ese mesmo ano a Xoán I no tratado de Monzón. Posteriormente, en 1499, Paio Velloso, aliado de Pedro Madruga, declaraba sen rebozo a súa intención de entregarlle a terra de Toroño ao rei portugués Manuel I, contando coa pronta morte de Sabela a Católica e a previsible rebelión da nobreza galega fronte a Fernando de Aragón (véxase GARCÍA ORO (1981), pp. 256-57), e aínda no século XVIII, Portugal mantiña a antiga idea de facerse cos territorios ao norte do Miño e no tratado de Methwen (16/05/1703, Alianza da Haia preparada polo chanceler Methwen), o monarca portugués Pedro II esixíalle ao arquiduque Carlos de Austria como condición para apoiar a súa candidatura ao trono español a cesión de varias prazas en Estremadura e as de Tui, A Guarda, Baiona e Vigo en Galicia.

reixa de Portugal e do partido galego-portugués. A súa rebelión contra a raíña Urraca e o seu apoio a Afonso Raimúndez explícase no contexto de rexeitamento da nobreza galega ao matrimonio da raíña con Afonso de Aragón, e cando en 1118 se alía coa raíña faino, como o resto dos nobres galegos, para expulsar ao Batallador das terras leonesas.

Do mesmo xeito, a súa colaboración con D^a Tareixa na ocupación do sur de Galicia nos anos 1120-26, non é ningunha “traizón” senón o reflexo dun novo conflito entre Urraca e o seu fillo Afonso Raimúndez, cuxo mentor, o conde D. Pedro de Traba, era como vimos sogro de D. Gómez e pai de Fernando Pérez de Traba, amante e conselleiro de D^a Tareixa. Mentres existiu a posibilidade de que Urraca tivese fillos lexítimos, perigaba a herdanza do “rei de Galicia” e Gómez actúa a favor de Afonso ao que xura lealdade como emperador e rei de Castela-León tras a morte de Urraca en 1126.




Entre 1126 e 1140, Gómez apoia o novo rei e, como fiel cortesán, confirma un importante número de documentos da chancelería real. É xa que logo sorprendente a súa traizón de 1140 poñéndose ao lado do monarca portugués Afonso Henriques ao que nunca apoiara nas súas disputas coa súa nai D^a Tareixa. Tanto é así, que algúns historiadores dubidaron da participación de Gómez Núñez na rebelión, que só menciona a *Chronica Adefonsi Imperatoris* nun relato infestado de inexactitudes¹⁷⁹.

¹⁷⁹ Véxase SÁNCHEZ BELDA (1950), pp. xli-xlii. Botelho da Costa distingue dúas etapas no conflito. En 1137 habería unha primeira campaña na que Afonso Henriques apoderouse de Tui, onde acudiu Afonso VII desde Zamora. Serían os feitos que relata a *Historia Compostelá* que terminaría coa *Paz de Tui* de 1137 (documento hoxe perdido pero publicado por PÉREZ / ESCALONA (1782), p. 528). En 1140 tería lugar a traizón dos condes Gómez Núñez e Rodrigo Pérez que relata a *Chronica Adefonsi Imperatoris*. A batalla de Cernesa non sería en 1137 senón en 1140, e a de Valdevez en 1141, e xa mencionamos que a *Historia*

En todo caso, a alianza co seu cuñado Rodrigo Pérez de Traba non é inverosímil e habería que entendela no contexto da actuación política dos Traba, sempre aliados cos condesreis portugueses e interesados en manter a independencia dos reinos de Galicia e León fronte a Castela. Con todo, non se lle pode aplicar á nobreza galegoportuguesa da época as categorías do pensamento político actual. As ansias de autonomía da nobreza de Galicia e Portugal na primeira metade do século XII non se deben á existencia dun sentimento “nacional” (nin sequera “prenacional”) senón a intereses de clase; ao desexo dun maior recoñecemento e poder económico no contexto dos amplos dominios dos monarcas castelán-leoneses¹⁸⁰.

Compostelá non se refire concretamente a Gómez Núñez como participante na rebelión e só menciona a traizón de *certo conde*.

¹⁸⁰ Sobre este aspecto, e en relación a Portugal, véxase MATTOSO (1982), pp. 13 ss.



1

f
C
c
a
te
a
c

d
s
o
c
—
o

APÉNDICE DOCUMENTAL I

Documentación relativa ao mosteiro de Budiño (1126-1435)

Recollo aquí todos os documentos que puiden reunir referidos ao mosteiro de Budiño, desde a incorporación a Cluni en 1126 ata a súa integración como parroquia na diocese de Tui en 1435. Omito a documentación posterior á anexión á Mesa tudense por non tratar realmente do mosteiro –aínda que si do seu couto e dos seus bens-. Poderán acharse referencias e citas dos documentos dese período no capítulo dedicado a esa etapa do cenobio.

1

1126, 26 de xullo (Tui?)¹⁸¹

Carta de doazón do Mosteiro de Budiño á abadía francesa de Cluni por parte do Conde Gómez Núñez de Toroño e o seu irmán Fernando Núñez, coa súa igrexa e herdade e todos os seus termos e divisións. (Orixinal perdido, consérvase copia do século XVIII, Biblioteca Nacional de Francia, Ms.

¹⁸¹ A carta non ten indicación de lugar pero o orixinal debeu de facerse en Tui ou no mesmo Budiño como parece indicar o colofón ***Et tota simul Toronia.***

Colección Moreau 283, fol. 126, editada en BERNARD-BRUEL, *Recueil de chartes de l'abbaye de Cluny*, vol. V, nº 3993, pp. 345-46).

Texto:

CHARTA QUA GOMES NUNIDES ET FRATER EJUS FERNANDUS DANT MONASTERIO CLUNIACENSI MONASTERIUM DE BOTINIO IN GALLICIA.

In nomine sancte et individue Trinitatis, Patris ac Filii et Spiritus Sancti, qui trinus et unus vivit et regnat, Deus a quo omnia, per quem omnia, in quo omnia, ipsi honor et gloria in secula seculorum. Amen. Ego siquidem dominus Gomes Nunides, nutu Dei comes, una cum fratre meo domno Fernando, damus atque concedimus beato Petro apostolorum principi et monachis Cluniacensis cenobii monasterium quoddam hereditatis nostre, ob remedium animarum nostrarum et parentum nostrorum, qui ibidem sepulti sunt, pro spe vite eterne et felicitatis perpetue. Hoc autem monasterium nos habuimus de genere et genere nostro ab ipso sui exordio, in tantum omni alio herede remoto, ut post mortem patris mei, comitis domni Fernandi, medietas illius cum inquisitione veritatis in jus regium deveniente, medietas vero patris nostri nobis remansit. Ego autem medietatem illam que patris mei fuerat a rege domno Adefonso prescriptione firmitatem adquisivi; totum itaque monasterium, cognomento Botinio, per terminos et divisiones suas antiquitus, cum ecclesiis et hereditatibus quas inter vel extra habet vel habere poterit, Cluniacensi ecclesie damus atque concedimus, tali videlicet conditione, ut in unoquoque anno dimidia argenti marcha exinde Cluniaco reddatur, cetera vero ibidem commorantibus et Deo servientibus sint in usum. Quod si (quod absit!) aliquis de genere nostro ad tantam devenerit inopiam, ut semper ibi refugium a priore habeat atque adiutorium pro possibilitate inveniatur. Est autem pre-

dictum monasterium in provincia Gallecie, in terra Turonii, in ripa fluminis Munei¹⁸², territorio Rudensi [sic., Tudensi] prope ipsam urbem Tudam, ad radicem rupis magne, que vocatur Vulturaria versatur ... in quadruplum componat, et desuper X^{em} milia solidos eidem monasterio auctoritate regia persolvere cogatur. Facta karta donationis sub era I^a C^aLX^a III, die VII^a kalendas augusti. Ego comes domnus Gomes Nunides in hac donationis karta manus meas roboravi. Ego F. Nunides hanc donationis kartam manu mea roboravi. Qui presentes fuerunt et viderunt et audierunt: Adefonsus, archidiaconus, confirmat. Arias Fernandides confirmat. Pelagius Adefonsides confirmat. Suarius Cresconides confirmat. (Monograma de los donantes) Johannes, qui notuit. Petrus testis. Pelagius testis. Martinus testis. Midus testis. Stephanus testis. Et tota simul Toronia.

(Ao dorso:) *Carta donacionis monasterii de Botinio in Galicia.*

2

1142, agosto, Carrión de los Condes

Diploma de Afonso VII no que, con motivo da visita do abade cluniacense Pedro o Venerable a España, confirma a doazón do Conde Gómez Núñez do mosteiro de Budiño a Cluni e delimita o seu couto. (Orixinal perdido, consérvase unha copia do século XVIII na Biblioteca Nacional de Francia, Ms. Colección Moreau 283, fol. 138, editada en BERNARD-BRUEL, *Recueil de chartes de l'abbaye de Cluny*, vol. V, nº 4073, pp. 426-427).

¹⁸² En realidade Budiño non está na beira do Miño (*Munei* no documento) senón no val do seu afluente o Louro, a uns 7 Km. da confluencia entrambos os ríos.

Texto:

PRECEPTUM ADEFONSI, HISPANIAE IMPERATORIS, QUO CONFIRMAT DONATIONEM MONASTERII SANCTI SALVATORIS DE BODINIO ECCLESIAE CLUNIACENSI A COMITE GOMEZ NUNIDES FACTAM.

Sit presentibus et futuris manifestum, quia ego Adefonus, Hispanie imperator, una cum uxore mea Berengaria, grato animo, voluntate spontanea, nemine cogente, pro peccatorum nostrorum remissione, et domini Petri, Cluniacensis abbatis, rogatu et amore, cauto monasterium Sancti Salvatoris de Bodinio per eosdem terminos quibus rogatu comitis Gomes, quando illud possidebat, cautavi: per illum videlicet locum, quo cum cauto Tude dividitur; inde vero sicut dividitur cum cauto Atelie, et transit per cacumen de la Conforcada; inde per Pennam Vulturariam, et per montem Sculque, et per Petram Capre; inde sicut venit ad pre-nominatum fluvium Lauri. Hujus rei equidem causa predictum monasterium cauto, ne majorinus et saio regius, vel aliquis alius regis vicarius infra pre-nominatos terminos, causa pignerandi vel malifaciendi, intrandi licentiam habeat. Si quis vero, quicumque sit, cautos constitutos dirumperit et extra eos aliquid violenter extraxerit, pectet pro temerario ausu mille libras auri et duplatum restituat quicquid acceperit. Hos supramemoratos cautos, quos monasterio Sancti Salvatoris dono, omni tempore stabiles et mansuros esse concedo, et si quis forsitan huic meo facto contrarius venerit, et illud dirumperit, a Deo maledictus, cum Juda, proditore, dampnetur, nisi penitens emendaverit, et pectet regie majestati mille marobotinos. Facta carta Karrioni, mense augusto, era M. C. LXXX, predicto imperatore Adefonso imperante in Toletto, Legione, Sarragocia, Najara, Castella, Galecia. Ego Adefonsus, Hispanie imperator, hanc cartam, quam jussi fieri, confirmo et manu mea roboro. (Monograma) Petrus, Palentinus episcopus. Martinus, Au-

riensis episcopus. P[re]ldagius, Tudensis episcopus. Johannes, Legionensis episcopus. Comes Ferrandus de Galecia confirmavit. Comes Rodericus Velez de Sarria confirmavit. Didacus Munios, majordomus imperatoris, confirmavit. Poncius de Minerva, alferis, confirmavit. Ferrandus Jobannis confirmavit. Pelagius Curvus confirmavit. Rodericus Ferrandus confirmavit. Geraldus scripsit, jussu magistri Hugonis, cancellarii imperatoris.

3

1169, 28 de marzo, Lugo

Doazón da igrexa de Santa Ágata de Ciudad Rodrigo e a aldea de Saelices á abadía de Cluni e confirmación doutras doazóns, entre elas a de Budiño (Lodino no documento). Coñécese por unha copia do século XVII en Antonio Sánchez Cabañas, *Historia Civitatense*, fols. 53r-55r, obra na que se afirma que *lo tiene el convento de San Vicente, de Salamanca, por gozar la renta del Priorato de Santa Águeda y de Saylíce el Chico*. A *Historia Civitatense* conservouse manuscrita e foi editada con estudo e notas de Iñaki Martín Viso e Ángel Barrios García, Salamanca, Diócesis de Ciudad Rodrigo-Centro de Estudos Mirobrigenses, 2001. O texto da doazón reproducéoo tamén FITA COLOMER (1913), pp. 355-56.

Texto:

(...) eodem et animo gratanter dono, benigne concedo et libenter confirmo ut absque omni calumnia et iniqua cautione cum omni virtute et pace in perpetuum hereditario iure habeant et possideant in Legione capellam Regis, et in Lodino ecclesiam sancti Salvatoris cum omnibus suis pertinentiis sic [ut] in eorum testamentis continentur (...)

1200-1250 (c.) *Catalogus Abbatiarum, Prioratuum & Decanatum, mediate & immediate Abbatiae, seu Mosteiro Cluniacensi subditorum.*

O catálogo de abadías e priorados cluniacenses levouno á imprenta Martin Marrier en 1614 pero foi redactado na segunda metade do século XIV recompilando documentación anterior. Presenta a situación regulamentaria de cada cenobio *ante magnam mortalitatem quae incoepit anno Domini 1346*. No caso de Budiño, os datos que proporciona hai que entendelos referidos, como moi tarde, a mediados do século XIII xa que en décadas posteriores consta polas *visitas* que o número de monxes diminuíra a 2 ou 3. (Texto en MARRIER, Martin, *Bibliotheca cluniacensis : in qua SS. patrum abb. clun. vitae, miracula, scripta, statuta, privilegia chronologiaque duplex, ...*, Irmáns Protat, Maçon, 1915, col. 1747 [1ª ed. París, R. Fovet, 1614, col. 1746], cita FLÓREZ (*España Sagrada*, vol. XXII, p. 22) e foi durante moito tempo a única fonte documental coñecida sobre Budiño).

Texto:

Prioratus S. Salvatoris de Bondino, in Gallicia, Tudensis Diocesis, ubi debent esse octo Monachi, non computato Priore, et unus Capellanus commensalis.

1246, mércores 24 de xaneiro, S. Salvador de Budiño.

Xuramento de fidelidade do prior de Budiño ao abade de Cluni. Seguindo un formulario común para todos os priores hispanos, Petrus de Budiño, coa man nos evanxeos, xura e

promete ser fiel, obediente e devoto ao abade Don Guillermo¹⁸³. Promete tamén non vender, regalar, enfeudar, empeñar nin alienar os bens do priorado, nin contraer débedas por encima de 40 marabedís, salvo licenza especial do abade de Cluni. (Editado en BERNARD-BRUEL, *Recueil de chartes de l'abbaye de Cluny*, vol. VI, nº 4871, pp. 370 ss).

Texto:

CHARTE QUIBUS ALIQUOT PRIORES SUBNOMINATI GUILLELMO, ABBATI CLUNIACENSI, PROMITTUNT OBEDIENTIAM. 22º CARTA PRIORIS BODINI.

